

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2022

Ás 10.00 horas do día 30 de setembro de 2022, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. Diego Fernández Nogueira

D. José Ignacio Gómez Pérez

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputados de Democracia Ourenseana:

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Non asiste nin o deputado do Grupo Popular don Miguel Antonio Cid Álvarez (quen emitiu o seu voto de forma non presencial), nin a deputada do Grupo Socialista dona Elvira Lama Fernández. Ámbolos dous escusaron a súa ausencia.

O deputado de DO don Gonzalo Pérez Jácome ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto 5º da orde do día e non regresou.

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, ausentouse do salón de sesións no punto de rogos e preguntas, e non regresou.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver vídeoacta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 29 DE XULLO DE 2022.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do 29 de xullo de 2022.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 29 de xullo, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO Á CANDIDATURA DA CIDADE DE OURENSE COMO SEDE DA AXENCIA ESTATAL DE SUPERVISIÓN DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL

O Sr. presidente dá lectura á seguinte declaración institucional da Corporación Provincial de Ourense de apoio á candidatura da cidade de Ourense como sede da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial.

“O Goberno español, a través do Real decreto 209/2022, do 22 de marzo, establece o procedemento para a localización das sedes físicas das entidades pertencentes ao sector público institucional estatal e crea a comisión consultiva para a determinación das sedes. Nas

súas disposicións xerais recolle que, de cara a potenciar o papel vertebrados das institucións públicas no conxunto do territorio, é preciso establecer un procedemento que permita racionalizar a localización física das entidades do sector público institucional estatal, fortalecendo a igualdade de oportunidades, contribuíndo á creación de empregos directos e indirectos e facilitando que os cidadáns, con independencia do seu lugar de residencia, poidan relacionarse e incluso traballar directamente nas sedes das institucións públicas estatais.

Estre as novas entidades previstas, destaca a Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA), recollida na Lei 2/2021, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022. Este órgano “encargarase do desenvolvemento, supervisión e seguimento dos proxectos enmarcados dentro da Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial, así como aqueles impulsados pola Unión Europea, en particular os relativos ao desenvolvemento normativo sobre intelixencia artificial e os seus posibles usos”.

Neste contexto, a Deputación de Ourense aprobou por unanimidade no pleno ordinario do 27 de maio de 2022 instar á Xunta de Galicia a reclamar a localización da sede da AESIA na cidade de Ourense, despois de que o goberno autonómico solicitase localizar este organismo estatal na nosa comunidade, argumentando a estratexia propia de intelixencia artificial –a Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2021-2030-, o potente ecosistema TIC e cuestións como as propias políticas estatais de descentralización de actividades administrativas e infraestruturas públicas.

A Universidade de Vigo realiza un excelente traballo conformando a candidatura de Ourense, presentada dentro dun proceso aberto a nivel autonómico e co que contou desde o primeiro minuto co apoio da Deputación e do Concello de Ourense.

A cidade de Ourense cumpre con todos os requisitos necesarios para acoller a AESIA. Para comezar destaca o nivel da Universidade de Vigo e o Campus de Ourense, o seu aliñamento con todas as administracións públicas ourensás e a presenza da Escola Superior da Enxeñería Informática (ESEI), un centro de referencia nacional co que a Deputación mantén unha constante colaboración, con vencellos tan recentes como a creación dun laboratorio de experimentación e investigación ou o estímulo a encontros de ideas para a innovación no territorio construídos baixo a cooperación administrativa e cun marcado carácter transfronteirizo.

O excelente traballo do profesorado do ESEI conseguiu fitos como ser o primeiro centro de Enxeñería Informática de Galicia en obter o selo de calidade para a titulación de graduados en Enxeñería Informática, que acredita o cumprimento dos estándares europeos. Unha posición de liderado referendada coa implantación do grao universitario e o máster en Intelixencia Artificial. Dúas titulacións clave para a formación de profesionais e que, sen dúbida, favorecerían as sinerxías entre o Campus, a AESIA e a propia sociedade ourensá xunto ao Parque Tecnolóxico de Galicia e novas ferramentas como o futuro Centro de Excelencia de Ciberseguridade de Galicia.

Arredor da Escola Superior de Enxeñería Informática tense creado nos últimos anos un potente ecosistema tecnolóxico con reflexo no importante grupo de empresas instaladas en Ourense e nos polígonos industriais da área metropolitana. A provincia acumula cifras récord

de emprego tecnolóxico: Ourense é, dende hai anos, sinónimo de profesionais e emprendedores referencias neste sector –boa parte formados na propia Escola- e que suporán un apoio capital para o desenvolvemento das potencialidades da AESIA.

Ourense dispón das infraestruturas, conexións e os espazos ben acaídos para a instalación desta axencia estatal, nunha cidade co tamaño e a fisionomía urbana, buscado polo Goberno central para este tipo de descentralización, e que supoñen unha garantía para acoller aos traballadores deste organismo. Ademais, a chegada da Alta Velocidade é un novo feito diferencial para acoller a AESIA: Ourense é o aeroporto terrestre de Galicia e a súa localización xeográfica é estratéxica para construír un nodo de Intelixencia Artificial que artellaría Galicia co resto de España e o norte de Portugal.

As particulares características da provincia de Ourense, inmersa nun contexto demográfico compartido por rexións de toda Europa, tamén esixe un posicionamento nítido de todas as administracións públicas. En numerosas ocasións temos reclamado a necesidade de políticas públicas estatais deseñadas dende a necesidade de avanzar no equilibrio territorial. Este espírito é o que empurra a estratexia de descentralización da Administración Xeral do Estado, que sitúa como clave a necesidade de levar organismos públicos fóra de Madrid dentro da loita contra a despoboación.

A Deputación de Ourense ten na promoción de políticas innovadoras un eixo clave do seu programa de goberno. O liderado, compartido coa Xunta de Galicia, na instalación e desenvolvemento do Centro de Innovación da Formación Profesional é unha boa mostra. Este espazo será un pulo de transformación para a FP e o propio territorio, e estimularía tamén novas sinerxías coa AESIA.

A Deputación leva traballado nos últimos meses, en sintonía coa Universidade de Vigo e o resto de axentes sociais e administracións públicas ourensás, para colaborar e avanzar no respaldo á candidatura da cidade. Ourense é unha capital tecnolóxica e, neste momento, converter a Ourense na sede da AESIA sería unha cuestión vital con importantes beneficios para esta provincia. A instalación da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial sería unha panca de primeira magnitude para o tecido socioeconómico ourensán, coa creación dun centenar de empregos directos e, sobre todo, alimentando e potenciando novas oportunidades para o crecemento territorial.

Por todo isto, e á vista do exposto, a Deputación de Ourense, reunida en sesión plenaria ordinaria, expresa o seu máis firme apoio e compromiso para que Ourense albergue a sede da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA)”.

3º.- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DAS COMPETENCIAS DO CONCELLO DE MUÍÑOS EN MATERIA DE RECADACIÓN EXECUTIVA DA TAXA POLO ABASTECIMENTO DE AUGA DOMICILIARIA.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

Non se producen intervencións someténdose a votación o ditame, e por unanimidade dos presentes (incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación efectuada polo Concello de Muíños a favor de Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 22 de xuño de 2022, das facultades que o Concello ten atribuídas en materia de recadación executiva da taxa polo abastecemento domiciliario de auga potable, así como a revisión dos actos ditados, nas condicións recollidas no acordo de delegación do Concello de Muíños, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da recadación en vía executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
- b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións de descuberto do tributo ao que se refire.
- c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario conforme co establecido no artigo 6, apartado b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.
- d) A presente delegación estará vixente a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos de 4 anos se ningunha das partes mostra expresamente a súa vontade en contra, comunicándollo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á data sinalada ou á de calquera dos períodos de prórroga.

4º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MEDIANTE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO E DA MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, N.º 6/2022.-

A Sra. interventora dá conta co contido do expediente así como das dúas emendas (unha de adición e outra de modificación) presentadas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza a súa intervención sinalando que estamos a falar dunha modificación por importe de 3.400.000,00 € dos que 1.195.000,00 € van para dezaoito concellos, algún con ata seis accións distintas, quedando fóra deste “sorteo” un total de setenta e tres concellos. Seguidamente rectifica, indicando que non é un “sorteo” senón que é o resultado do aliñamento das políticas provinciais e das peticións realizadas polos representantes públicos, asociacións, entidades etcétera, máis os datos proporcionados polo Observatorio Económico Ourensán, o Programa Operativo 72-73 e algunha cousiña máis. Tamén temos vinte e dúas asociacións agraciadas con axudas, con contidos moi diferentes. Engade que esta modificación orzamentaria debería ter criterios de eficacia e obxectividade. Hai axudas que deben ser asumidas pola Xunta de Galicia, como a prevista para obras no Centro de Saúde de Riós. En resumo, esta modificación sigue sen ter criterios de obxectividade e eficacia que deberíamos pedirlle a esta institución e por esa razón o noso voto vai ser en contra dela.

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Toma a palabra indicando que seguramente o discurso do Partido Popular sexa que o discurso da oposición é sempre o mesmo, e que así o manifestou recentemente o presidente nunha entrevista nun xornal, á que logo aludiré, xa que se trata de declaracións falsas e perniciosas. Se supón que as modificacións orzamentarias deben obedecer a cuestións prioritarias que veñen previstas na lei de procedemento administrativo, e que deben seguir uns canles legais que nesta casa non se seguen, e que deberían atender a asuntos urxentes e extraordinarios. Desde o seu grupo non dubidan na necesidade das actuacións que se contemplan, pero matiza que o sistema redistributivo en que se basean todas as administracións públicas, nesta casa sexa unha perversión. Di que se lles rouba aos cidadáns que non pertencen ao Partido Popular,

instrumentalizando unha institución para facer electoralismo, e iso o imos dicir e denunciar mentres esteamos na oposición, e o cambiaremos cando esteamos no goberno. Seguidamente pon dende o seu teléfono móbil un “audio” no que se escoita ao presidente da Deputación Provincial. Sinala que nese “audio” o presidente sinala que as subvencións nominativas obedecen a peticións de diferentes concellos e que ningún alcalde pode dicir que non se lle atende dende a Deputación. Engade que o grupo socialista fixo o seu traballo, e ten un listado de proxectos presentados polos diferentes concellos por Rexistro nesta Deputación, e sinala que o concello ds Pobra de Trives presentou dous proxectos, e non foi atendido, Ribadavia catro, e non foron atendidos, Melón tamén presentou proxectos, e non foron atendidos, e outros como O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Ramirás e outros. Ademais hai concellos que non piden nada por Rexistro e son atendidos, e algún deles dos que máis levan nesta modificación, como o concello de Castrelo de Miño, e iso é demencial. Hai concellos como Riós que pide proxectos para unhas cousas e lle conceden para outras distintas. Engade que se contempla unha partida para un macro proxecto para obras en campos de fútbol e non sabemos os concellos beneficiarios. Ademais de todo o anterior, hai algún obxecto moi discutible, como obras en Centro de Saúde no concello de Riós, ou o cambio que se fai no concello de Oímbra, que pasa de estudos arqueolóxicos á compravenda dunha pick-up para o servizo contra incendios, que tamén é competencia da Xunta de Galicia.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Manifesta que se trata de aprobar unha modificación do vixente orzamento, a número 6, por suplementos de crédito e que non contén créditos extraordinarios. Se trata de facer fronte a gastos que non poden demorarse para o exercicio de 2023. Seguidamente pasa a dar lectura ás cifras do expediente de modificación de créditos que se está a debater. Sobre os gastos previstos para investimentos, indica que estes conteñen o proxecto “Fronteira Esquecida”, a cooperación provincial con concellos para financiar diferentes obras para a mellora da infraestrutura viaria, obras de abastecemento, depuración e saneamento e outras obras en edificios e infraestruturas públicas, é dicir, unha diversidade de axudas a concellos respectando a súa autonomía local. Tamén hai unha partida de cooperación con outras entidades para proxectos e investimentos de acción social, e unha para un macro proxecto para campos de fútbol en colaboración coa Secretaría Xeral para o Deporte nos concellos de Lobios, Amoeiro, A Pobra de Trives, Toén, Viana do Bolo e Cartelle. Polo que se refire a gastos correntes, supleméntanse varias partidas como actividades culturais e recreativas, eventos e actividades deportivas ou de inserción laboral, así como

asistenciais externas para doce proxectos a executar noutros tantos concellos, e que consiste nas chamadas “comunidades enerxéticas locais” (Riós, A Gudiña, A Peroxa, Muiños, Carballeda de Avia, Larouco, San Xoán de Río, Maceda, San Amaro, Os Blancos, A Merca e Montedramo). Para rematar a súa intervención, lembra a emenda de adición pola que se integra no orzamento provincial unha modificación no orzamento do Consorcio provincial para o servizo contra incendios e de salvamento, por un importe de 30.000,00 euros, e logo de ser aprobado polo pleno desta entidade, para facer fronte a gastos imprevistos pola vaga de lumes nesta provincia; e unha emenda de modificación por cambios no obxecto de subvencións nominativas que se tramitan a instancia dos concellos beneficiarios.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza respondendo ao voceiro do partido socialista, indicándolle que o seu voceiro provincial nunha entrevista no mesmo medio de comunicación dixo que “en política non se pode ir á yugular”, dicindo o contrario do que logo fai nas institucións nas que participa. Sobre a afirmación de que estamos ante a perversión da política, apunta que palabra “perversión” significa acción de pervertirse nos vicios e costumes, pasando a relatar unhas noticias en prensa sobre presuntos asuntos de corrupción do PSOE de Andalucía. Apunta que falou tamén de que “se le roba a cidadanos”, engadindo que roubar son 22 ministerios ou 404 asesores, como ten o Goberno actual.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Nesta segunda quenda sinala que o debate de fondo debe ser como se deben xestionar os fondos desta Deputación provincial. O PP leva décadas con esta forma de xestión, e o BNG ten unha proposta totalmente diferente, proposta que ao principio do mandato compartía algún grupo máis, pero que se foi diluíndo no tempo, como é o caso de DO ou da deputada non adscrita. Engade que debe darse unha remuda total no reparto das subvencións por esta Deputación Provincial, como volveremos ver no debate sobre o Orzamento xeral para o ano 2023. A práctica totalidade dos concellos da provincia son de menos de 20.000 habitantes e este debería ser o principal destino dos fondos da Deputación Provincial, lembrando que estamos diante dunha provincia que debece a pasos axigantados. Engade que hai determinadas accións que non deberían estar nun orzamento provincial, como é o caso das obras no Centro de Saúde de Riós, ou a aldea modelo en Pereiro de Aguiar, que son claras competencias da Comunidade Autónoma. Insiste en que debe procederse a unha nova fórmula de reparto dos fondos provinciais, agardando que este cambio se produza nos vindeiros anos.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que a verdadeira perversión da política é presentarse a unhas eleccións cunhas siglas, e logo abandonar á cidadanía que confiou nese partido, como fixo a deputada non adscrita deste pleno. Sobre o tema que nos ocupa sinala que se incumpren os procedementos administrativo e a lei, e que nesta provincia os concellos gobernados polo PP se levan máis do 90 % das subvencións, e que contando os concellos onde cogoberna o PSOE, o número de veciños con goberno do PSOE é maior que con gobernos do PP, e estes son datos que non se poden discutir. Engade que o propio voceiro do PP debería estar en contra deste proposta de modificación, coa que o concello de Muíños presentou ata once proxectos nesta Deputación, e non leva ningunha subvención, mentres que o concello de Castrelo de Miño leva varias subvencións, deixando moi clara a mensaxe de que o que se premia nesta institución é o transfuguismo, o que constitúe unha auténtica perversión da política. A continuación sinala que esta debe ser a única institución de España que non presenta uns borradores do orzamento xeral ao resto de grupos da corporación, indicando que non se permite a participación da oposición, como si se fai no Estado, na Comunidade Autónoma e en moitos concellos. Aquí se coñecen os orzamentos dous días antes da comisión informativa, polo que é imposible que existan achegas dos grupos políticos. Sobre os 5.000,00 € que figuran para o concello de Ribadavia, matiza que se trata dunha achega que se debía, polo que non pode considerarse unha subvención nova, e por último diríxese ao grupo de DO para preguntar se seguen a apoiar esta forma de gobernar ou realmente cren que estamos ante unha oda ao caciquismo.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Toma a palabra para sinalar que respecto ás obras no concello de Riós se trata dun convenio co SERGAS, onde o que se está a financiar é a achega municipal. Sobre os borradores do orzamento sinala que vendo o espectáculo que dá o Goberno Central, mellor non dicir nada. Engade que todos os deputados e deputadas saben cando se presentan os orzamentos provinciais e que ao longo de exercicio se fan modificacións de crédito, polo que non existe escusa para que poidan facerlles achegas a estes. Engade que ogallá a Deputación puidese atender todas as peticións de axuda que presentan os diferentes concellos, pero que os fondos son limitados, engadindo que ao longo do exercicio poderán incluírse peticións que agora non se atenden, tanto de concellos como de entidades. Queda neste mandato unha modificación de crédito, na que volverá este debate, sinalando que se BNG e PSOE queren implantar o modelo de plan único para concellos, xa

saben o camiño, que é obter a maioría nas vindeiras eleccións locais que se celebran nuns meses.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación o ditame coa incorporación das dúas emendas anunciadas, e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita, a abstención de DO (2) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 6/2022, baixo a modalidade de suplementos de créditos e da modificación das bases de execución do orzamento vixente da Deputación Provincial, e para os que se exige competencia plenaria.

SUPLEMENTOS DE CREDITOS

Gastos en investimentos

APLICACION	DESCRICIÓN	IMPORTE €
432.11/627.11	Promoción do Turismo. Proxecto Fronteira Esquecida	111.874,00
450.12/762.01	Cooperación provincial. A Concellos. Subvencións.	1.045.067,57
450.12/789.01	Cooperación provincial. Outras transf. A entidades	113.200,00
341.11/750.00	Promoción e fomento do deporte. A Xunta de Galicia	580.000,00 €
TOTAL, SC gastos en investimentos		1.850.141,57 €

Gastos correntes

APLICACION	DESCRICIÓN	IMPORTE €
334.20/462.03	Actividades culturais e recreativas. Ribadavia mostra internacional de Teatro	5.000,00
450.12/462.00	Cooperación provincial. A concellos	138.017,00
450.12/489.00	Cooperación provincial. Outras transferencias	747.450,00
450.12/227.06	Asistencias externas de 12 proxectos de enxeñaría para 12 concellos	100.000,00
920.14/220.02	Administración electrónica. Material informático non inventariable	100.000,00
912.11/226.02	Corporación provincial. Información e publicidade	260.000,00

912.11/227.06	Corporación provincial. Estudos e traballos técnicos	200.000,00
TOTAL, SC gastos correntes		1.550.467,00

RECURSOS

Transferencias de créditos da mesma área de gasto (Exp: 2022/12960 L)	192.500,00 €
Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	3.208.108,57 €
TOTAL RECURSOS EMPREGADOS	3.400.608,57 €

2º.- Nas bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense **procede concretar o capítulo IV e VII de gastos** que se ven modificados neste expediente, polo que se procede á especificación das aplicacións afectadas nesta modificación orzamentaria:

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.00 “ Cooperación Provincial. A Concellos”

Beneficiario	Finalidade	Importe
O Irixo	Festa céltica	20.000,00 €
Oímbra	Festa do pemento	11.017,00 €
Riós	Proxecto piloto "Riós Cultural 21-22"	35.000,00 €
San Amaro	Festa Céltica	20.000,00 €
San Cristovo de Cea	Festa do Pan de Cea	10.000,00 €
Vilar de Santos	Gastos de funcionamento Museo da Limia	12.000,00 €
Xinzo de Limia	Asistencia ao XXIV Festival Internacional de Gaitas de Strakonice,, Chequia	12.000,00 €
TOTAL 450.12/462.00 “ Cooperación provincial. A concellos”		120.017,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos. Subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
A Merca	Mellora de firme Valdoseixo	48.000,00 €
A Merca	Mellora seguridade viaria A Manchica	48.000,00 €
A Merca	Abastecemento e saneamento na Merca	48.000,00 €
Boborás	Pavimentación camiños de Sande , Salceda, Boborás , Gontelle, Fenteira e Sonelle-	48.000,00 €
Castrelo de Miño	Reparación capa rodaxe no camiño acceso Macendo desde OU-402	48.000,00€
Castrelo de Miño	Mantemento estrada do Couso ao Campo de Fútbol	48.000,00€
Castrelo de Miño	Reconstrución muros sostemento Igrexa en Souto de Castrelo e Vilela	48.000,00€
Castrelo de Miño	Reconstrución muros sostemento Igrexa Macendo e Tallón	48.000,00€
Cartelle	Arranxos sede Carlos Velo	75.000,00 €
Cartelle	Saneamento Couseliño	48.000,00 €
Castrelo do Val	Pavimentación rúa igrexa	48.000,00 €
Esgos	Arranxo na depuradora de Esgos	47.972,68 €
Gomesende	Arranxo Casal de Poulo	33.390,45 €
Oímbra	Adquisición dun vehículo todoterreo tipo pick up	30.000,00 €
Padrenda	Reconstrución muro Pousafoles	48.000,00 €
Padrenda	Rede de abastecemento en A Pelas	48.000,00 €
Porqueira	Co financiación proxectos	96.062,17 €
Pereiro de Aguiar	Aldea modelo Reboredo	25.000,00 €
Pereiro de Aguiar	Ascensor e dinamización da casa do Concello	25.000,00 €
Riós	Rehabilitación de edificación existente e ampliación en volume independente para uso de albergue turístico do Camiño de Santiago	11.208,86 €

Riós	Reparación de cuberta e acondicionamento interior do centro de Saúde	21.615,57 €
Riós	Muros Cortegada e Domez	48.000,00 €
Riós	Arranxo estrada Veiguiña-Valfarto	5.000,00 €
Riós	Mellora da eficiencia enerxética en edificios municipais	32.817,84 €
Toén	Proxecto de mellora de viarios municipais	48.000,00 €
450.12/762.01 “ Cooperación Provincial. A Concellos. Subvenc.”		1.075.067,57 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/489.00 “ Cooperación Provincial. Outras transferencias”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asociación Eidos do Leboreiro	Convivencia entre comunidade universitaria de Galicia e Portugal	3.600,00 €
Asociación Emp. Gandeiros e agricultores da Limia (ADEGAL)	Gastos funcionamento	18.000,00 €
Asociación empresarios de Valdeorras (AEVA)	Gastos funcionamento e proxectos	50.000,00 €
Asociación Clube de Automobilismo Talariño- Vilar de Barrio	Organización proba deportiva	20.000,00 €
C. D. Arenteiro	Sponsorización da tempada 21-22	42.350,00 €
Caldaria	Gastos de aloxamento torneo Ourensanía fútbol sala 2022	18.000,00 €
CEO	Convenio Reactiva t	45.000,00 €
Club Atlético Arnoia	Gastos da tempada 21/22	18.000,00 €
Club Ciclist@s do Ribeiro	Gastos xerais	1.500,00 €
Club deportivo náutico de Castrelo de Miño	Convenio xestión, mantemento instalacións deportivas	50.000,00 €

CRDO "Monterrei"	Gastos de funcionamento e proxectos promocionais	45.000,00 €
Federación Comercio	Gastos funcionamento	25.000,00 €
Foro La Region	Gastos de organización	100.000,00 €
Fundación Blanco Amor	Gastos Funcionamento	25.000,00 €
Fundación Hospital Asilo Nosa Señora dos Anxos	Gastos de funcionamento	80.000,00 €
La Región	Organización e xestión dos concertos de Verán	20.000,00 €
Mancomunidade Celanova	Gastos Funcionamento	50.000,00 €
MEISA	Gastos de organización do Ciclo "Elas Cantan"	18.000,00 €
Ourense Club de fútbol	Esponsorización 22/23	50.000,00 €
Escudaría Barbadás	Gastos de organización Rallye Mix de Barbadas	6.000,00 €
Roberto Verino Difusión S.A.	Exposicións itinerantes	20.000,00 €
Ruta do Viño de Valdeorras	Gastos de funcionamento e proxectos	30.000,00 €
TOTAL 450.12/489.00 “ Cooperación provincial. Outras transferencias”		735.450,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/789.01 “ Cooperación Provincial. Outras transferencias”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asociación de familiares de Alzheimer de Ourense (AFAOR)	Adaptación vehículos	18.200,00 €
Asociación veciños Rebordechá (Xinzo de Limia)	Equipamento e reforma de local social	10.000,00 €
ASPANAS	Adquisición furgoneta e equipamento de centros	60.000,00 €
Coro Liceo de Ourense	Adquisición de uniformes	15.000,00 €

Diocese de Ourense	Reparación cuberta do Santuario de Couso (Muíños)	10.000,00 €
450.12/789.01 “ Cooperación Provincial. Outras transferencias”		113.200,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/750.00 “Promoción e fomento do deporte. A Xunta de Galicia”**

Beneficiario	Finalidade	Importe
Xunta de Galicia	Macro proxecto para campos de fútbol	580.000,00 €
341.11/750.00 “Promoción e fomento do deporte. A Xunta de Galicia”		580.000,00 €

3º.- Aprobar a modificación, no que se refire á especificación do capítulo IV e VII de gastos, consistente nas seguintes variacións que **non afectan cuantitativamente** ao orzamento xeral do exercicio 2022:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.00 “Cooperación provincial. A Concellos” prevíase unha subvención ao **Concello de Vilamarín** na MC 1/2022 para o “Funcionamento do museo etnográfico ” por importe de 20.000,00 euros.

Con base na solicitude formulada polo alcalde, o 18 de xullo de 2022, pola imperiosa necesidade de reformar a cuberta e outras obras interiores da Casa de Cultura, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención para o seguinte obxecto, e **a da aplicación orzamentaria** pasando **na mesma área de gasto ao cambio da clasificación económica**, solicitando a modificación da finalidade da subvención quedando da seguinte maneira:

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Vilamarín	Reforma da cuberta e obras interiores varias da casa da cultura de Vilamarín	20.000,00 €
TOTAL 450.12/762.01		20.000,00 €

b) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos. Subvencións” prevíase unha subvención ao **Concello de Monterrei** na MC 1/2022 para a “Execución da obra do local social en Sandín ” por importe de 48.000,00 euros.

Con base na solicitude formulada polo alcalde, o 04 de agosto de 2022, solicita o cambio do obxecto desta, **acordándose neste expediente o cambio da finalidade** da subvención quedando da seguinte maneira:

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Monterrei	Urbanización do contorno do Outeiro Lama de Mazaira en Sandín	48.000,00 €
TOTAL 450.12/762.01		48.000,00 €

c) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos. Subvencións” prevíase unha subvención ao **Concello de Manzaneda** na MC 1/2022 para o “Complemento IDAE ” por importe de 29.000,00 euros.

Con base na solicitude formulada polo alcalde, o 27 de abril de 2022, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención para o seguinte obxecto, quedando da seguinte maneira:

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Manzaneda	Aforro e eficiencia enerxética no alumado público en varios núcleos do concello	29.000,00 €
TOTAL 450.12/762.01		29.000,00 €

4º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 1/2022 do CIS, mediante suplementos de crédito, nos seguintes termos:

Suplementos de crédito. Gastos correntes

136/227.99	Servizo de prevención e extinción de incendios. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	30.000,00 €
-------------------	--	--------------------

Recursos utilizados

Remanente de Tesourería. Subconcepto 87000 para financiar gastos xerais	30.000,00 €
---	--------------------

Con cargo á aplicación orzamentaria 136/227.06 Servizo de prevención e extinción de incendios. Estudos e traballos técnicos:

Aplicación orzamentaria	Descrición	Importe
136/227.06	Incremento dos reforzos de persoal polos incendios das comarcas de Valdeorras e Monterrei e da contratación dunha asistencia externa exixida polo RD 424/2017	30.000,00 €

5º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

5º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2023

O Sr. presidente anuncia que o BNG presentou unha emenda ao orzamento.

A Sra. interventora expón o contido do expediente así como da emenda de adición para incorporar o orzamento do CIS.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza a súa intervención para aclarar que se debe distinguir o que un político fai fóra das institucións, e que ela nesta Deputación segue a ser Montse Lama Nóvoa, deputada non adscrita, membro da oposición. Sinala que no concello de Ribadavia teñen no goberno a unha persoa que se presentou anteriormente polo PP e por Compromiso por Galicia, ou no concello da Pobra Trives que teñen unha alcaldesa que antes estaba militando no PP, indicando que o Partido Socialista trae un discurso que se

Ile cae nuns minutos. Pídelle que “deixe de rebuznar”, xa que non sabe respectar as quendas de intervención, e que ten continuas faltas de respecto, agardando que nas vindeiras eleccións locais non sexa elixido deputado provincial, pedíndolle que abandone esa faceta de consorte, porque é ridícula, e así o din os veciños de Ribadavia, e ogallá nas vindeiras eleccións volva a cordura a ese concello.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza a súa intervención sinalando que xa no Consello Reitor do INORDE tivo ocasión de expoñer o seu punto de vista sobre a teima de presentar os orzamentos a estas alturas do ano, indicando que é demasiado cedo para isto, e que non poden ser por esta razón moi realistas, e máis cando todo apunta a unha situación económica de crise. O orzamento de noventa millóns de euros supón un incremento do 6,15 % respecto do exercicio anterior, polo que o primeiro que debemos analizar é cara onde vai ese incremento. Apunta que os capítulos I e II do orzamento ocupan o 64% do total, e curiosamente a partida que máis medra é a de gastos correntes en bens e servizos, polo que cabería preguntarse se isto é normal. Engade que hai diferentes axudas que chaman a atención como o plan de cooperación cos concellos, que xunto coa partida para revisión de prezos, ocupan 4.800.000,00 € fronte un importe de 4.961.000,00 € dedicados a subvencións nominativas, é dicir, esta última é superior ao propio plan provincial, indicando que isto non ten sentido e non debería ser así. Critica tamén que outras partidas como a relativa ás estradas provinciais que non se ven incrementadas, e hai outras como a destinada á Fundación Ínsua dos Poetas ou as destinadas ao servizo de recollida de lixo, cando se acordou externalizar este servizo, e que non deberan figurar no orzamento. Seguidamente pasa a relatar o gráfico sobre a perda da poboación da provincia de Ourense nos derradeiros anos, e mentres estamos así, non se pon ningún remedio desde esta Deputación. Por iso desde o BNG propónse un plan único de cooperación cos concellos, que deben ser os encargados de reactivar a provincia e deben ser tratados como maiores de idade. Por esta razón non é xusto que 53 concellos da provincia non sexan beneficiarios de ningunha subvención nominativa, e sinala que a memoria xustificativa das subvencións do orzamento, na que se di que *“o goberno provincial ven realizando un importante labor na implantación de medidas a prol da gobernanza activa, participación e transparencia sendo unha referencia a nivel nacional e europeo nestes eidos. Unha das principais innovacións en materia de xestión local é na distribución de subvencións nominativas atendendo ás demandas realizadas polos representantes de organizacións, asociacións e entidades locais, principais coñecedoras da realidade local e das necesidades*

dos que representan. Con esta información e cruzando datos e tendencias co Observatorio Económico Ourense os técnicos avalían o aliñamento destas necesidades cos ODS e coas liñas estratéxicas do Programa Operativo 72-73. Ante a complexidade das distintas temáticas presentadas resultaría inviable realizar unha única convocatoria nun único prazo e con forma de concorrencia competitiva". Sinala que nesta Deputación temos uns técnicos máis que competentes para facer esta convocatoria, e de feito faise nas outras tres deputacións provinciais de Galicia. Indica que na segunda quenda de intervención fará a defensa da emenda á totalidade que o BNG presenta aos vixentes orzamentos.

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza a súa intervención pedíndolle á Presidencia do pleno que exerza como tal e non permita intervencións degradantes e insultos a outros corporativos, como acaba de facer a deputada non adscrita. Sobre os orzamentos que se presentan comeza sinalando que parece que ao goberno provincial unicamente lle preocupa ser o primeiro en presentar o orzamento, e que cando temos os peores índices de desenvolvemento de Galicia e de España, non ten sentido seguir co mesmo sistema, xa que cando un barco se afunde se debe dar un golpe de temón. Nos orzamentos que se presentan bótase en falta que a Presidencia se poña en contacto con concellos gobernados polo Partido Socialista, e que isto deba ser un exercicio de boa administración e non de narcisismo, e que o debate entre autocracia e reparto discrecional e democracia e reparto obxectivo, deba estar xa superado. Engade que o esquema ou esqueleto dos orzamentos é idéntico ao dos anos anteriores, é dicir, nada muda. No relativo ao apartado das subvencións a concellos, non temos nada novo, e colócase aos concellos desta provincias nunha clara situación de desvantaxe respecto doutras, xa que nin sequera os que reciben algunha subvención nominativa chegan aos niveles de achega da Deputación provincial que hai noutras provincias, e que ademais nestas se fan con criterios obxectivos e que todo o mundo coñece. Nesta Deputación o único criterio que hai é dar uns míseros 48.000,00 euros a todos os concellos e repartir o resto de xeito clientelar e a dedo. Unha mostra é que so dous concellos, Monterrei e Pereiro de Aguiar, onde goberna o PP, reciben máis que todos nos que goberna o Partido Socialista, que son vinte e un. No total dos fondos previstos para subvencións nominativas, os concellos gobernados polo PP levan o 85 % do total, e os gobernados polo PS de G-PSOE un 8,27 %, cando se atendemos ao criterio de poboación, os gobernos de ámbalas dúas formacións políticas se sitúan en torno a 90.000,00 habitantes cada un en toda a provincia. A continuación procede a enumerar os concellos

governados polo Partido Socialista que reciben 0 euros en subvencións nominativas, indicando que é importante que a xente coñeza esta información, xa que se trata de 80.000 veciños e veciñas, que por ter un alcalde ou alcaldesa socialista, non teñen dereito a ningunha subvención nominativa. Sinala que o reparto non puido ser máis desigual, indicando que se atendemos ao reparto por habitante, os gobernados por alcalde ou alcaldesa socialista reciben dez veces menos que os gobernados por alcalde ou alcaldesa do PP. En suma, unha barbaridade e unha desproporción enorme. O camiño que lle queda a esta Administración provincial é un cambio de goberno, xa que o actual é refractario e contrario á distribución xusta e obxectiva de fondos públicos, e isto non é un xuízo de valor, senón que é consecuencia dos datos que anteriormente enumerou. Lembra que o 75% dos fondos da Deputación proveñen do Estado, e non veñen porque o goberno sexa do PP, senón con criterios obxectivos e transparentes. As axudas nesta Deputación dependen da vontade graciosa da Presidencia, e isto é desigualdade e politización. Sobre a xustificación das nominativas procede tamén a dar lectura a un extracto da memoria xustificativa, onde se di que *“o goberno provincial ven realizando un importante labor na implantación de medidas a prol da gobernanza activa, participación e transparencia sendo unha referencia a nivel nacional e europeo nestes eidos. Unha das principais innovacións en materia de xestión local é na distribución de subvencións nominativas atendendo ás demandas realizadas polos representantes de organizacións, asociacións e entidades locais, principais coñecedoras da realidade local e das necesidades dos que representan. Con esta información e cruzando datos e tendencias co Observatorio Económico Ourensán os técnicos avalían o aliñamento avalían o aliñamento destas necesidades cos ODS e coas liñas estratéxicas do Programa Operativo 72-73”*. Do anterior indica que lle gustaría saber quen son eses técnicos que fan a distribución e que algoritmo empregan para isto. Como exemplo cita as subvencións nominativas previstas para asfaltados, reposición de firmes, camiños de acceso ou humanizacións de vías municipais, que se relaciona cos ODS número 1 (poñer fin á pobreza), 3 (garantir unha vida sa e promover o benestar para todas as idades), 6 (garantir a dispoñibilidade da auga e xestión sostible), 10 (reducir a desigualdade entre os países) e 11 (facer cidades máis resilientes e sostibles). Remata indicando que isto é só un exemplo do despropósito, e pide que se lle indique cales son os servizos técnicos provincias que realizan o referido reparto.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza sinalado que con estes orzamentos toca falar de planificación, previsión, eficiencia na xestión e débeda cero, é dicir, do orzamento provincial para o ano 2023, sendo a primeira administración pública en facelo. Neste exercicio recuperamos capacidade económica para facerlles fronte aos novos retos da crise enerxética, da suba dos combustibles ou da inflación, unha contorna que nos obriga a anticiparnos para ofrecerlles un apoio clave aos nosos concellos. Estamos ante o orzamento máis elevado da historia desta Deputación, por encima dos noventa millóns de euros. O capítulo I do orzamento relativo aos gastos do persoal medra para facerlle fronte ao incremento previsto nas retribucións dos empregados públicos. Igualmente se refire ao incremento do capítulo de bens correntes e servizos, que se incrementan para facerlle fronte á suba de prezos. As transferencias correntes superan os catorce millóns de euros e o fondo de continxencia sitúase en torno aos 300.000,00 euros. Os investimentos reais acadan máis de once millóns de euros, incrementándose en máis de un millón con respecto ao presente exercicio orzamentario. Destaca que a deputación presenta débeda cero, xa que a deputación ten capacidade máis que suficiente para amortizar o único préstamo vivo que ten e que non fai unicamente por non pagar as comisións bancarias por amortización anticipada. Respecto ás liñas estratéxicas do orzamento xeral, sinala que se mantén un plan de emprego cun importe de máis de un millón de euros, mantéñense as axudas á natalidade, o plan de cooperación cos concellos en materia de mocidade, o plan de cooperación ás obras e servizos municipais e no que se mantén a cláusula que permite o seu destino a gastos correntes, mantéñense os programas de acción social cos concellos, a achega aos concellos que teñen GES, a achega para o Consorcio contra incendios e salvamento, as subvencións para clubs deportivos, e outras. Outro aspecto a destacar é un novo convenio coa Consellería de Medio Rural nun plan de prevención e loita contra os incendios para a adquisición de tractores con rozadora con destino a diferentes concellos desta provincia. Por último pasa a facer un breve resumo dos orzamentos dos organismos dependentes e adscritos á Deputación (INORDE e Consorcios). Remata sinalando que as subvencións nominativas previstas son, segundo o criterio do goberno e a valoración dos técnicos, as posibles dentro dos recursos de que dispomos e unha vez valoradas as diferentes peticións e a súa viabilidade.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Fai uso da palabra para sinalar que ao voceiro do grupo socialista lle debe gustar auto destruírse, porque a incita a intervir no debate. Engade que ela non pronunciou ningún insulto en ningún momento, e o que lle falta ao

voceiro socialista é compresión. O que denigra a unha institución non son os orzamentos, senón a corrupción, e indica que o voceiro socialista lle ofreceu a ela un cheque en branco e colocar a amigos e familiares na Deputación e no INORDE, se asinaba a moción de censura que permitise un cambio de goberno na Deputación. Pretenden que ela non fale nos plenos e non amose a realidade desta provincia, por non dicir o que fai o goberno de Pedro Sánchez desde Madrid, con 22 ministerios, asesores e chiringuitos. Apunta que os deputados socialistas veñen facer un papel e nos seus concellos fan o contrario, e engade que o voceiro socialista non soporta que unha muller política sexa mellor que el, e lle pasa nesta institución e no concello coa súa compañeira de grupo voceira no concello de Ourense. Remata indicando que ela non insulta, só di a verdade.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Nesta quenda procede a explicar o contido da emenda á totalidade que presenta o seu grupo político a estes orzamentos, pedindo que se valore polos diferentes grupos. A proposta é un plan único de cooperación desta Deputación cos seus concellos, para dar cumprimento ao fin principal das deputacións provinciais tal e como están concibidas, que é o da cooperación. O segundo obxectivo é rematar coas prácticas clientelares no reparto dos fondos públicos, que se repartirían con criterios obxectivos e coñecidos. O terceiro obxectivo sería garantir unha cantidade estable e relevante de fondos para todos os concellos da provincia. A proposta é realizable e presenta un importe igual para todos os concellos, e outro variable en función dos criterios que recomenda a FEMP e que se aplican nas outras tres deputacións de Galicia. Esta proposta presenta unha redución en partidas dedicadas basicamente a protocolo, publicidade e subvencións nominativas. Lembra que se a Deputación ten que incrementar o importe dos gastos correntes, os concellos tamén, e nada se prevé no orzamento provincial para cooperar cos concellos neste eido. A palabra máis repetida polo voceiro popular na súa intervención foi a de “mantense”, o que amosa a liña continuista deste orzamento, e que o grupo de goberno pretende que todo se manteña igual nesta provincia. Na súa proposta o concello que menos fondos percibiría serían aproximadamente 150.000,00 € e a media se situaría en torno aos 230.000,00 €, polo que máis do 95% dos concellos acadarían mellor financiamento con esta proposta do BNG. Estamos ante unha proposta que cando menos debería ser valorada a analizada, e permitiríalles aos concellos coñecer a achega provincial ao comezo do exercicio orzamentario. Remata indicando que a función do INORDE debería ser realizada directamente desde a Deputación, polo que non se xustifica a súa existencia como organismo

autónomo. Agarda pola cidadanía desta provincia, que vai a ter a ocasión de pronunciarse nuns meses, e entende que debe irse cara un cambio no xeito de facer as cousas nesta Deputación Provincial.

- 2ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que a Presidencia non cumpre coa súa función de moderar os debates, e que a súa actitude coas intervencións que se producen amosa a súa conformidade. Insiste en que si houbo insultos, porque a palabra “rebuznar” a podemos escoitar todos, e sabemos o que significa, polo que, á vista da actitude da Presidencia, eles tomarán outras medidas onde proceda. Volvendo ao debate sinala que a exposición do voceiro do PP está chea de números porque non hai argumentos para xustificar o inxustificable. Lembra que aquí estamos para facer política e que eles estarían conformes coa proposta que fai o BNG, porque cos matices que se poidan facer, estarían de acordo con esa liña. Sobre a afirmación de que estamos ante os orzamentos máis sociais da historia da Deputación, pregunta onde se ve iso recollido, xa que non hai parte social neste orzamento. Indica que é contradictorio que se lle reclamen certos criterios de reparto ao Estado, e a Deputación reparta de xeito totalmente discrecional e arbitrario. Así das 110 subvencións nominativas, só 19 superan o límite do contrato menor, o que significa que son contratos que se adxudican a dedo e prexudican á propia Deputación provincial, e o que cuestiona o Consello de Contas nos seus informes. Estes orzamentos só pretenden obter réditos electorais para garantir as alcaldías e con isto a Deputación, e que estas son as razóns que laten nos criterios de reparto desta Deputación Provincial. O principal problema da provincia non é de natalidade senón de territorio, e que a xente que non participa do seu sistema ten que buscar oportunidades noutros lugares do Estado. En definitiva, temos uns orzamentos insuficientes, denigrantes para os concellos, desiguais, con rumbo político, clientelares e insisten no empobrecemento, xa que non teñen plan para esta provincia. A xente desexaría ter unha administración provincial que fose útil, que atendese á súa cidadanía, e que reparta os seus recursos con criterios obxectivos, indicando que estamos cuns orzamentos anti socialistas para frear á única forza política que pode mudar o goberno desta provincia.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Sinala que os orzamentos son números, pero que el non dixo que non fosen política, porque é claro que si o son. Sobre os criterios de reparto proponlle que prediquen co obxecto onde gobernan, e respecto aos contratos menores indica que son completamente legais, e apunta que eles tamén os empregan onde alí gobernan. Con estes orzamentos o goberno provincial rematará o seu mandato, e veñen marcados pola

planificación, para que os concellos os coñezan. Sobre a emenda do BNG sinala que se trata dun plan único pero que será rexeitada, polas razóns expostas. Os orzamentos son sociais e dinamizadores do territorio, que escoitaron o día a día dos alcaldes e dos axentes sociais e económicos, para así atendelos na medida do posible, iso si. Pide que deixemos xa en paz ao plan único e que non estamos no momento de facer experimentos. A continuación, e para amosar o que el considera un reparto discrecional, pasa a relatar un listado de obras realizadas sen convenio pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, así como un listado de convenios asinados desde o ano 2019 por este organismo con diferentes concellos da provincia, neste último caso todos concellos gobernados polo PS de G-PSOE. Para rematar lembra novamente que se presentan os orzamentos en prazo, que cumpren o plan de mandato do seu grupo, que todos os grupos puideron facer aportacións, e que se trata duns orzamentos realistas e cooperadores cos concellos e con outras Administracións Públicas, e que contan con todos os informes técnicos favorables.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación en primeiro lugar a emenda á totalidade do BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita, e a abstención de DO (1).

A continuación sométese a votación o orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2023, e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita, a abstención de DO (1) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o ano 2023, co detalle que figura nos resumos seguintes:

A) ENTIDADE LOCAL

Estado de gastos:

Capítulo 1.- Gastos de persoal	35.291.531,98 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	23.010.727,34 €

Capítulo 3.- Gastos financeiros	329.750,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	14.084.262,03 €
Capítulo 5.- Fondo de consistencia	300.000,00 €
Capítulo 6.- Inversións reais	11.622.137,61 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	5.329.390,64 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	300.000,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	702.200,40 €
Total gastos	90.970.000,00 €

Estado de ingresos:

Capítulo 1.- Impostos directos	5.000.000,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos	4.532.000,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	4.993.379,48 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	75.720.184,67 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	165.212,00 €
Capítulo 6.- Alleamento de inversións reais	21.000,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	238.223,85 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	300.000,00 €
Total ingresos	90.970.000,00 €

B) INORDE:

Estado de gastos:

Capítulo 1.- Gastos de persoal	1.285.120,79 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	636.945,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	250.000,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia	12.851,21 €
Capítulo 6.- Inversións reais	117.180,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	5.000,00 €
Total gastos	2.307.097,00 €

Estado de ingresos:

Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.020,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	2.294.766,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	5.311,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	0,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	5.000,00 €
Total ingresos	2.307.097,00 €

C) CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO

Estado de gastos:

Capítulo 1.- Gastos de persoal	199.386,07 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	4.011.213,93 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	500,00 €
Capítulo 6.- Inversións reais	167.000,00 €
Total gastos	4.378.100,00 €

Estado de ingresos:

Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	95.000,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	4.283.100,00 €
Total ingresos	4.378.100,00 €

2º.- Aprobar as bases de execución do orzamento xeral, segundo figuran no expediente.

3º.- Aprobar os cadros de persoal, que se dividen en persoal funcionario, laboral e eventual, de acordo co artigo 126 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986.

4º.- De acordo co artigo 169 da LRFL, o orzamento xeral será exposto ao público, logo de anuncio previo no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

6º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA ESPECIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS PROMOVIDAS POLO CONCELLO DE OURENSE (2022-2023)

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Intervén para sinalar que votará a favor desta proposta e que non entende que poida haber políticos que non apoiem esta proposta de colaboración entre administracións para mellorar as infraestruturas e con elo a vida da veciñanza.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Manifesta que o grupo do BNG vai absterse neste asunto, engadindo que a proposta ou carta que remite o alcalde de Ourense lle resulta sorprendente xa que fala da Deputación como “auténtico vértice de desenvolvemento local”, e despois das palabras que lle ten dedicado noutros tempos, chama moito a atención. Apunta que isto só atopa explicación politicamente a medio e longo prazo, e que resulta moi curioso o importe de 1.000,00 € que achega a Deputación ás obras municipais. Sobre as necesidade das obras entende que hai algunha que non semella moi prioritaria a advirte dos importantes custes de funcionamento que teñen algunhas das obras que figuran neste programa. Remata indicando que este programa de cooperación no fondo sona a un “...xa falaremos en maio...”.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Manifesta que se trata dunhas obras que desde o concello se consideran necesarias e prioritarias, pasando a dar lectura á denominación das obras incluídas neste programa de cooperación. A colaboración da Deputación supón unha pequena achega económica, e tamén unha colaboración importante noutros aspectos.

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Nesta primeira quenda de intervención manifesta que unha vez máis o concello de Ourense precisa dunha cooperación “simulada” para poder facerlle fronte á execución dunhas obras debido principalmente á súa mala planificación, todo isto nun contexto dunha ridícula minoría no goberno do concello, e que non se conta nin cos restantes grupos políticos nin coa participación da veciñanza. O goberno provincial tamén debería coñecer a escasa lexitimidade desta proposta, o que amosa que o pacto de goberno no concello aínda segue. Manifesta que o voto do seu grupo vai ser a abstención, e que aínda que poida soar a chiste a achega provincial de 8.000 euros para estas

obras, ese importe que é ridículo, supera o que se prevé nos orzamentos para subvencións nominativas da maioría dos concellos da provincia, particularmente os gobernados polo PS de G-PSOE.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Sinala que se trata dunha cooperación a instancia do concello de Ourense, tal e como se fixo tamén no exercicio de 2021. O programa parte da solicitude do alcalde do concello de Ourense que pretende asinar coa Deputación un convenio para executar obras de carácter urxente e inaprazable, para afrontar a contratación e execución das obras incluídas na proposta do concello. Por último fai un breve repaso ás cláusulas do programa de cooperación que se somete a aprobación neste pleno.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Sinala que o voceiro do grupo socialista dixo estar conforme con que se fagan as obras pero que pide consenso e diálogo previo, preguntándolle se no concello do Carballiño, e no resto de concellos que goberna o PS de G-PSOE actúa así. Sinala que os deputados socialistas veñen aquí cun discurso, e nos lugares onde gobernan aplican o que aquí veñen criticar.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Manifesta que non entende se o alcalde Gonzalo Pérez Jácome, considera a esta Deputación o auténtico vértice do desenvolvemento local tal e como sinala no escrito que asina, ou a súa opinión e a que manifesta nas RRSS do seu grupo político, nas que fai unha parodia do señor presidente por un contrato a dedo de subscricións a un xornal. Engade que a cidadanía poderá xulgar dentro duns meses e que terá a oportunidade de decidir o futuro que se quere para o concello de Ourense e para a Deputación. Sinala que se trata unicamente de salvar un procedemento administrativo que se demorou no tempo.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Manifesta que se trata de conseguir os obxectivos que desexamos para a cidadanía, neste caso a execución das obras previstas no programa, coas regras do xogo que nos outorga a burocracia e a lei, polo que non entende cal é o problema, e que isto precisamente é a xestión.

- 2ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que de tanto interese para a cidade non deben ser as obras, cando o alcalde e deputado provincial se ausenta nesta votación. Engade que o voceiro popular cando dixo que “ogallá todos os concellos puidésemos facer programas de cooperación coa deputación” si que estivo acertado, e que lle toman a palabra. Engade que a deputada non adscrita ven sempre rebentar o pleno, e que o presidente non debe permitir que este pleno se converta nun circo con ataques persoais aos

deputados socialistas. Por último sinala que no concello do Carballiño os orzamentos se aprobaron de forma unánime e con acordos coa oposición.

- 2ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Sinala que se trata dun programa de cooperación que vai beneficiar a toda a cidadanía de Ourense e que o demais é falar por falar.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación o ditame, e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez), de Do (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa especial de cooperación ás obras promovidas polo Concello de Ourense (2022-2023), co seguinte teor literal:

1º) Obxecto.

Constitúe o obxecto do presente Programa Especial de Cooperación ás obras promovidas polo Concello de Ourense (2022-2023), articular a cooperación e asistencia económica desta deputación ás obras, todas elas de competencia municipal, promovidas polo Concello de Ourense, que de seguido se detallan:

NÚM.	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Proxecto de mobilidade vertical e humanización da rúa Nicomedes Pastor Díaz	1.667122,20 €
2	Proxecto constructivo de elevación vertical na cruz alta	1.084.816,07 €
3	Proxecto de mellora da accesibilidade e mobilidade na rúa Rosalía de Castro	1.827.811,19 €
4	Proxecto de demolición do edificio do antigo matadoiro municipal de Ourense	933.401,80 €
5	Proxecto de renovación de alumeadado público do Paseo das Ninfas	571.834,32 €
6	Proxecto básico e de execución de rehabilitación integral do Xardín do Posío	2.784.844,78 €
7	Proxecto básico e de execución de reforma dos espazos termais de Canedo (Outariz 77) e Outariz	230.530,86 €
8	Proxecto de reforma para adaptación á Lei de Regulación do Aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia e	576.492,86 €

	mellora da accesibilidade na terma das Burgas	
TOTAL		9.676.854,08 €

2º) Cadro de financiamento.

1. O Programa cofinanciarase na súa integridade pola Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Ourense. A achega da Deputación Provincial para o total do Programa será de 8.000,00 € (1.000,00 € para cada unha das actuacións indicadas), imputándose á aplicación orzamentaria 450.12/619.02 do orzamento xeral.
2. No caso de remanentes como consecuencia de posibles baixas na adxudicación do/s contrato/s respecto do/s tipo/s de licitación, os referidos importes detraeranse da achega municipal ao presente Programa. Igualmente serán por conta do Concello as variacións do/s prezo/s do/s contrato/s como consecuencia de eventuais modificacións neles.

3º) Tramitación do Programa.

1. O Programa inicialmente aprobado someterase a un período de información pública polo prazo de dez (10) días hábiles, de conformidade co previsto no *artigo 10.2 da vixente Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015)*.

Unha vez aprobado o Programa definitivamente polo Pleno da Deputación, ou elevada a definitiva a aprobación inicial en ausencia de alegacións, a Presidencia fará pública esta circunstancia mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, iniciándose o prazo de execución.

2. As modificacións relativas ás obras municipais que teñan que tramitarse a instancias do Concello de Ourense logo da aprobación definitiva do Programa (tales como modificacións dos orzamentos das obras que afecten exclusivamente ás achegas municipais, cambios na denominación das obras, incorporación e baixa de obras do plan,..), serán autorizadas por acordo da Xunta de Goberno provincial, sempre que non impliquen incremento do financiamento global do Programa por parte da Deputación. No caso de que supoñan un incremento da achega provincial, a competencia será do Pleno da Deputación.

4º) Execución do Programa.

1. A competencia para a execución das obras comprendidas no Programa, corresponderalle ao Concello de Ourense mediante a contratación das ditas obras a través dos procedementos e co réxime establecido para a contratación de obras públicas na vixente lexislación de contratos do sector público.

En ningún caso poderá acordarse a execución por administración das obras financiadas con cargo ao presente programa.

2. Os contratos administrativos que subscriba o Concello para a execución das obras deberán ser adjudicados e formalizados con data límite 30.06.2023. A execución das obras relacionadas no Programa, deberá rematar antes do 31 de decembro de 2023; non obstante o anterior, e sempre que concorra causa xustificativa suficiente, e que os créditos correspondentes poidan ser incorporados ao exercicio orzamentario seguinte, previa solicitude do Concello antes da data anteriormente indicada, poderá acordarse a prórroga do prazo das actuacións incluídas no Programa, polo tempo indispensable para o seu remate, e con data límite en todo caso 30.11.2024. A dita prórroga será acordada, se procedese, por decreto da Presidencia.

3. A contratación dos servizos ou a designación dos técnicos que desempeñen as tarefas de redacción de proxectos, dirección facultativa ou a coordinación de seguridade e saúde nas obras municipais, realizarase polo concello.

4. Será obriga do Concello de Ourense instalar un cartel indicador en cada unha das obras onde conste o cofinanciamento da Deputación de Ourense.

5º) Execución e xustificación das obras.

1. O Concello será o responsable da execución das obras, o que inclúe a súa contratación, dirección, execución e seguimento. A Deputación de Ourense unicamente asume a obriga de cofinanciar as obras solicitadas.

2. Para a xustificación da execución do programa, o Concello deberá presentar no Rexistro electrónico xeral da Deputación Provincial, dentro do mes seguinte ao prazo do remate de execución das obras, a seguinte documentación, para cada unha das obras incluídas no Programa de cooperación:

- Certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do Concello, no que se fagan constar os seguintes extremos:

a) Relación de contratos formalizados con cargo á subvención, indicando o seu obxecto, importe e contratista, e que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención

b) Contía do gasto que foi obxecto de recoñecemento da obrigación.

- Declaración do importe das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento dos contratos de obra subvencionados.

- Certificación da conta corrente do Concello para a realización do pagamento da subvención.

- Fotografías do estado final das obras e do cartel das obras onde se indique o cofinanciamento por esta Deputación.

3. Unha vez recibida a documentación antedita para cada unha das obras, a Deputación de Ourense procederá á tramitación do expediente de xustificación, correspondéndolle a instrución ao Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio, que solicitará informe da Área de Infraestruturas de comprobación material da execución das obras. No caso de que a documentación presentada estivese incompleta ou incorrecta, ou as obras non estean completamente executadas, requiriráselle ao Concello de Ourense para a emenda das deficiencias documentais ou materiais advertidas. No caso de emenda de deficiencias materiais nas obras, esta só poderá levarse a cabo dentro do seu prazo máximo de execución. Concluída a instrución do expediente, o Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio formulará a proposta de resolución que proceda, remitíndoselle á Intervención para a súa fiscalización e posteriormente á Presidencia para resolución.

6ª) Obrigas do beneficiario:

Con carácter xeral, o concello beneficiario asumirá todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedará suxeito ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos nestas bases e na lexislación vixente.

7º) Réxime xurídico.

O presente Programa provincial de cooperación apróbase ao abeiro do sinalado no *artigo 10 da vixente Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense*, regulándose no que non estea previsto nestas bases, pola antedita Ordenanza e pola normativa de subvencións aplicable á Deputación Provincial, así como pola lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e na sede electrónica da Deputación, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas as bases de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A ADOPCIÓN DE MEDIDAS URXENTES ANTE A SECA QUE AFECTA Á PROVINCIA DE OURENSE

O Sr. presidente anuncia que o BNG presentou unha emenda á moción e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que en canto estea preparada a vídeo acta deste pleno farán uso dela, porque hoxe se fixeron unha serie de afirmacións que se van ter que aclarar noutros foros.

A continuación procede a dar lectura á moción do seu grupo na que se sinala que a península ibérica está a sufrir unha situación inédita de seca, que está a complicar dunha forma moi preocupante a subministración estable de auga en moitas rexións. Ourense non é allea a esta alarmante situación. Ao longo dos últimos meses, varios concellos da provincia tiveron que aplicar medidas extraordinarias co fin de garantir que, das billas da veciñanza, seguise saíndo auga potable. Tamén no resto de Galicia, desde hai meses, estanse a acumular problemas para garantir auga potable en moitas comarcas, o que levou á Xunta a declarar a alerta por seca. Pero a situación hidrolóxica é moi preocupante en toda España. Os encoros atópanse ao 35,9 % da súa capacidade total, o valor máis baixo para estas datas – mediados de setembro– desde 1995. A súa vez a falta de chuvia estase a agudizar, xa que sumamos acumulados un 30 % inferiores aos habituais para estas datas. No caso concreto de Galicia, no momento de redactar esta iniciativa, os encoros da comunidade contaban cunha reserva hidráulica do 48 % da súa capacidade. Igualmente, no contexto internacional a situación é moi semellante. Outros países da nosa contorna como Italia, Francia ou Reino Unido atópanse tamén en situacións de seca que, segundo os expertos e expertas, vai camiño de ser a máis grave desde que hai datos. O Observatorio Global da Seca da Unión Europea e o Programa Copernicus explican nos seus informes que o episodio actual é, probablemente, o peor deste tipo en medio século, co 47 % do territorio continental en situación de prealerta e outro 17 % en alerta. Esta seca non só provoca problemas no abastecemento de auga para consumo humano xa que, ao prolongarse ao longo de moitos meses, afecta notablemente ás colleitas agrícolas e aos pastos, o que complica a produción de alimento humano e animal. Tamén provoca situacións propicias para que se produzan grandes incendios forestais, como puidemos comprobar en primeira persoa durante este estío en moitas comarcas de Ourense e provincias da súa contorna, con algúns dos maiores lumes desde que hai rexistros. De feito, Ourense, Lugo, León ou Zamora están desde hai meses nunha situación de ‘seca prolongada’, un estado legal que declaran as confederacións hidrográficas. O ano hidrolóxico máis seco deixa os caudais dos ríos e regatos un 65% por baixo da media histórica, segundo os datos da

Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. Por iso durante as últimas semanas, municipios como Riós, A Gudiña, Trasmiras, Ribadavia, Avión, Muíños, Vilar de Barrio, Celanova ou Allariz tiveron que adoptar medidas urxentes e restricións no consumo para garantir o subministro nos seus núcleos principais ou en vilas do seu territorio. Todas as administracións deberemos tomar medidas a curto, medio e longo prazo. O capítulo III do título II da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local establece as competencias das entidades locais. De entre todas elas, pola súa importancia vital para a nosa sociedade, destaca o abastecemento de auga potable aos domicilios e empresas da veciñanza, así como a evacuación e o tratamento das augas residuais. Pero na maioría de casos, en entidades locais de menor tamaño e, polo tanto, de menor capacidade económica, non poden asumir grandes investimentos para mellorar os sistemas de abastecemento ou para facer fronte a situacións de emerxencia de seca. Esta situación aínda é máis grave na nosa provincia, onde só a capital supera os 20.000 habitantes. As deputacións teñen a obriga de cooperación e asistencia ás actuacións ou servizos dos concellos e doutras entidades locais do seu territorio, cando non capaces de ser prestados ou executados por conta propia. E, por iso, defendemos que a Deputación Provincial de Ourense, como concello de concellos, coopere no financiamento das medidas a adoptar para garantir o abastecemento de auga. Tamén a Lei de Augas de Galicia determina esta competencia municipal nos mesmos termos. Igualmente esta norma estipula a participación da administración autonómica nas obras hidráulicas de interese da comunidade e tamén “na construción e explotación das obras hidráulicas de competencia das entidades locais galegas na forma regulada por medio de lei”. Así mesmo estipula, entre outros preceptos, que a actuación da Administración da Comunidade Autónoma “garantirá a subministración de auga en cantidade e calidade adecuada a todos os núcleos de poboación legalmente constituídos no marco do que indique a planificación hidrolóxica de aplicación”. Incluso, desde o ano 2019, Galicia conta cunha lei propia de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario. En materia de abastecemento, a lexislación vixente determina pois unha dualidade competencial entre as entidades locais e administración xeral da comunidade autónoma que se debe artellar, entre outros, mediante instrumentos de cooperación e cofinanciamento. Polo tanto, tamén a Xunta debe actuar nesta situación. Pola súa banda, o Goberno central, a pesar de non ter competencias directas neste ámbito, concede axudas ás corporacións locais para facer

fronte aos gastos derivados de situacións de grave risco ou de natureza catastrófica, ao amparo do disposto no real decreto 307/2005. Concretamente, para a subministración de auga potable en situacións de emerxencia por seca, co fin de garantir a atención das necesidades básicas da poboación. Esta axuda financia ata o 50 por cento do custo total da subministración da auga ou dos gastos que poidan cualificarse de emerxencia. Esta axuda poderá ser total, acadando o 100 % cando os gastos susceptibles de subvención superen o 20 por cento do capítulo orzamentario relativo a gastos correntes en bens e servizos do exercicio en que se produciu o feito causante. Nesta situación tamén é moi importante sensibilizar á poboación no consumo responsable. O uso de auga na capital e nas principais vilas de Ourense sitúase preto dos 50 millóns de litros diarios, o que significa que cada habitante consome 254 litros ao día de media, cando, segundo o Instituto Nacional de Estatística (INE) o consumo medio dunha persoa en España é de 133 litros diarios. Ademais, segundo os científicos e científicas, non estamos ante un problema de próxima solución. Ao contrario. A medida que o quecemento global do planeta se incrementa, os seus efectos serán máis perceptibles dentro do ciclo hidrolóxico, motivo polo que prognostican períodos de seca máis fondos e prolongados. Por esta razón, máis que nunca, a planificación, os mecanismos de control e a cooperación entre administracións son prioritarios na xestión dun problema que chegou para quedarse. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte proposta de acordo: 1. Instar á Xunta de Galicia a crear e dotar orzamentaria un fondo extraordinario e urxente destinado a financiar medidas de axuda para as entidades locais da comunidade autónoma, co fin de facer fronte aos gastos derivados da subministración de auga potable en situacións de emerxencia producidas pola seca e outras adversidades climáticas. 2. Instar á Xunta de Galicia á declaración urxente de ‘obra de interese da comunidade autónoma’, de todas as actuacións e obras precisas para asegurar o abastecemento de auga potable en todos os municipios da provincia de Ourense que teñan problemas estruturais para garantir un abastecemento estable durante todo o ano, así como a participar no financiamento destas obras e actuacións imprescindibles. 3. Instar á Deputación Provincial de Ourense a por en marcha unha liña de axudas económicas para as entidades locais da provincia, que precisen desenvolver proxectos ou que teñan proxectos de obras de abastecemento de auga, co fin de participar activa e equitativamente no cofinanciamento destas obras de vital importancia para a veciñanza que a meirande parte de concellos ourensáns non

poden executar pola falta de recursos económicos e técnicos. 4. Instar á Xunta de Galicia, á Deputación de Ourense e as confederacións hidrográficas do Miño-Sil e do Douro, á creación dun instrumento de cooperación, tanto técnico como financeiro, no que participen todas administracións públicas, co fin de proceder á avaliación, análise e execución de novas captacións de emerxencia para garantir o subministro de auga nos municipios da provincia que presenten problemas de abastecemento estable, así como para aplicar protocolos de detección de fugas e avarías. 5. Instar a todas as entidades locais da provincia de Ourense á realización de campañas de concienciación entre a veciñanza sobre o uso responsable da auga; á adopción de medidas para a redución de consumos municipais; á prohibición do uso de auga potable para piscinas, baldeos, fontes ornamentais e regas, así como á execución de actuacións para a reutilización de fontes alternativas de subministro como a reutilización de augas rexeneradas.

Remata indicando que un organismo como Augas de Galicia estivo desaparecido ante todas estas incidencias, e non se prestou a axudar aos concellos que sufriron os problemas de abastecemento de auga, sen ir máis lonxe, Ribadavia.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza sinalando que en principio está de acordo coa moción do grupo socialista se ben considera un pouco máis acaída a emenda do BNG, razón pola queda a disposición do que decida o grupo proponente desta iniciativa política.

Sobre os comentarios do voceiro do grupo socialista, sinala que ela non se vai calar, e vai seguir a participar nos debates deste pleno na súa condición de deputada provincial, e que ela nin falta ao respecto nin lle di a ninguén o que pode ou non falar, polo que pide que non veñan dando leccións.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Nesta quenda comeza sinalando que a emenda transaccional do seu grupo, sen prexuízo de apoiar tamén a proposta inicial do grupo socialista, mellora a proposta de acordo, posto que subsume dous puntos nun único e engade un último punto para concienciar que o da auga é un problema de toda a veciñanza e non só un problema das administracións públicas. As traídas veciñais de auga deben facer obrigatorio dotarse de contadores cando a auga teña como destino o consumo humano, porque así evitariáse o mal uso continuo da auga, que é un ben fundamental e escaso.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sinala que esta moción aborda unha problemática real e que afecta á nosa provincia, e que imos padecer nos vindeiros anos.

Engade que apoiará e votará a favor tanto da moción do grupo socialista como a emenda do grupo do BNG, xa que para el son case iguais.

- 1ª intervención Ana Villarino (grupo do PP): Toma a palabra sinalando que aínda que o problema se focalizou no concello de Ribadavia, afecta a toda a provincia, afectando tanto á auga de consumo humano, ao resto dos usos, e á seca que agravou o problema da vaga de lumes que sufrimos este verán. Engade que na moción se citan unha serie de concellos que sufriron problemas de abastecemento, pero habería que engadir tamén aqueles outros que tiveron que adoptar algún tipo de medida para controlar a subministración e concienciar á veciñanza do uso aceitado da auga. A exposición de motivos da moción cita as bondades dalgunha administración e as presuntas maldades doutras, resultando curiosa a mención que se fai ao Goberno central e as axudas que mencionan, matizando que os concellos desta provincia non foron beneficiados por estas, e que a Deputación pola contra prestou axuda material coa posta a disposición de camións cisterna. Sinala que os concellos desta provincia coñecen máis á CH polo seu papel sancionador e non polo seu papel inversor, e lembra as axudas convocadas por Augas de Galicia para a elaboración de plans de emerxencia contra a seca, así como o cofinanciamento que prestou esta administración provincial. Remata sinalando que apoiarán a emenda transaccional do BNG se é aceptada, e senón tamén a moción do grupo socialista.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que el non focalizou o problema no concello de Ribadavia, senón que toda España puido ser testemuña do grave problema que sufriron. Engade que as axudas do Estado van destinadas a unhas cuestións en concreto, e que se todos cumprisen os requisitos terían dereito ás axudas que figuran nese decreto do Estado, polo que non é certa a afirmación da voceira do grupo popular. Sobre a emenda que formula o grupo do BNG sinala que non terían ningún inconveniente en aceptala, porque entende que se trata de algo complementario e que suma. Remata indicando que este problema concreto que sufriron en Ribadavia, no que a Deputación de Ourense axudou, na Deputación de Pontevedra foi abordado con carácter xeral cunha convocatoria extraordinaria de axudas para os concellos do seu ámbito territorial.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sobre o sentido da emenda transaccional indica que non pretende substituír á moción orixinal do grupo socialista, senón melloralala, e tratar a problemática propia do noso país que supoñen as comunidades de usuarios, así como incidir na concienciación da veciñanza sobre o uso da auga. Remata indicando que queda a disposición do que decida o grupo proponente sobre a votación da emenda.

- quenda de peche de Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Remata indicando que debe someterse a votación a moción orixinal do grupo socialista coa engádega dun último punto da emenda do BNG.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, engadíndolle o punto cuarto da emenda presentada polo BNG como punto sexto. E por unanimidade dos presentes (incluído o voto favorable de don Miguel A. Cid Álvarez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- Instar á Xunta de Galicia a crear e dotar orzamentariamente un fondo extraordinario e urxente destinado a financiar medidas de axuda para as entidades locais da comunidade autónoma, co fin de facerlles fronte aos gastos derivados da subministración de auga potable en situacións de emerxencia producidas pola seca e outras adversidades climáticas.

2.- Instar á Xunta de Galicia á declaración urxente de ‘obra de interese da comunidade autónoma’, de todas as actuacións e obras precisas para asegurar o abastecemento de auga potable en todos os municipios da provincia de Ourense que teñan problemas estruturais para garantir un abastecemento estable durante todo o ano, así como a participar no financiamento destas obras e actuacións imprescindibles.

3.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a poñer en marcha unha liña de axudas económicas para as entidades locais da provincia, que precisen desenvolver proxectos ou que teñan proxectos de obras de abastecemento de auga, co fin de participar activa e equitativamente no cofinanciamento destas obras de vital importancia para a veciñanza que a meirande parte de concellos ourensáns non poden executar pola falta de recursos económicos e técnicos.

4.- Instar á Xunta de Galicia, á Deputación de Ourense e ás confederacións hidrográficas do Miño-Sil e do Douro, á creación dun instrumento de cooperación, tanto técnico como financeiro, no que participen todas administracións públicas, co fin de proceder á avaliación, análise e execución de novas captacións de emerxencia para garantir a subministración de auga nos municipios da provincia que presenten problemas de abastecemento estable, así como para aplicar protocolos de detección de fugas e avarías. 5.- Instar a todas as entidades locais da provincia de Ourense á realización de campañas de concienciación entre a veciñanza sobre o uso responsable da auga; á adopción de medidas para a redución de consumos

municipais; á prohibición do uso de auga potable para piscinas, baldeos, fontes ornamentais e regas, así como á execución de actuacións para a reutilización de fontes alternativas de subministración como a reutilización de augas rexeneradas.

6.- Instar ás Confederacións Hidrográficas, Augas de Galiza, Deputación de Ourense, e concellos a promover a regularización das traídas veciñais de augas, facendo obrigatorio a instalación de contadores naqueles que teñan a totalidade ou parte da súa subministración a auga de consumo humano, ou auga de boca.

8º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A NECESIDADE DE PRESERVACIÓN E CONSERVACIÓN DE PRESAS TRADICIONAIS DE GALIZA

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Toma a palabra para dar lectura á moción presentada polo seu grupo na que sinala que aínda que Galiza se sitúa na zona húmida da península Ibérica os nosos campos precisaron desde tempos inmemoriais, sobre todo en meses estivais, do uso de regas especialmente na provincia de Ourense. Desta necesidade e doutros usos tradicionais, como curtidurías e muíños de auga, xurdiu a creación de diversos sistemas específicos para a acumulación da auga empregada, tanto para a súa transformación en enerxía mecánica como na rega de terreos, con sistemas tradicionais que na maioría dos casos non presentan nin unha gran envergadura nin tampouco un funcionamento técnico complexo. O sistema máis estendido en Galiza foi o das presas, que se atopan en lugares cun caudal continuo de auga, coma os ríos e regatos, a diferenza doutros modelos tradicionais de acumulación de auga como as pozas. Esta presas construíronse inseridas principalmente no propio leito natural dos ríos e regatos empregando algún dos terrapléns dos pequenos vales que o conforman como paredes. A mediados dos século XX, Galiza sufriu unha acelerada industrialización tardía que afectou á arquitectura popular do noso País cunha forza inusitada, e as construcións tradicionais destinadas á acumulación e distribución de augas non foron a excepción. Sendo o cambio máis salientable o uso de novos materiais como o formigón, que substituíu nun alto porcentaxe de pozas e presas as paredes de terra e pedra, porén mantívose ate os nosos tempos a convivencia coas presas e pozas tradicionais preindustriais. O sistema de

regos e canalizacións tamén padeceron este proceso de modernización tardía galega, aínda que en menor medida. Polo carácter popular destes sistemas de recollida e distribución de augas son infraestruturas de pouca entidade construtiva, dado que adoitan ser pozas, presas, canles, regos ou caneiros pero que teñen unha gran importancia. Importancia que radica tanto no seu gran valor ambiental, dada a biodiversidade existente tanto nas pozas e presas, como pola función que realizan para drenaxe dos solos e para evitar escorrentías que erosionen a terra. Ademais da propia utilidade como motor para fomentar a produtividade de terras agrarias, que aínda a día de hoxe son factor para asentamento no rural, así como o feito de constituíren un elemento fundamental da paisaxe galega tradicional, e o seu carácter de reservorio de auga para épocas de estiaxe, que cada vez semella serán máis prolongadas. A maior complexidade destes sistemas populares de acumulación e distribución de augas foi a súa xestión a través do dereito consuetudinario. Modelos de xestión da auga que en función do número de parcelas e da cantidade de auga, estableceron quendas e sistemas de reparto baseados en medir o tempo de rega e a cantidade de auga, con base a dereitos adquiridos polos seus propietarios. Uns modelos de xestión da auga que forman parte da nosa cultura inmaterial. Este patrimonio material e inmaterial que enfrenta múltiples problemáticas para súa supervivencia. O abandono dos usos tradicionais, tanto dos muíños, pesqueiras, pasais e curtidurías, como dos sistemas de regadío. A falta dunha adaptación ás novas necesidades, así como a carencia dunha aposta pola súa posta en valor e difusión deste patrimonio. Tampouco axuda a perda da función comunitaria, especialmente no caso de pozas, por feitos como a concentración parcelaria e a apertura de pistas que directamente as atoaron, sen a menor consideración. E a infravaloración deste patrimonio etnográfico tamén leva consigo a aparición de novas ameazas, como a declarada intención da Confederación Hidrográfica Miño-Sil de desmantelalas para acadar obxectivos alleos ás necesidades da veciñanza e do territorio. A Confederación Hidrográfica Miño-Sil actualmente pretende a eliminación deste patrimonio para acadar canles máis libres, seguindo parámetros europeos. Parámetros ben afastados das necesidades do País e concibidos para outro tipo de presas que supoñen afeccións ambientais moito máis sobranceiras sobre as nosas canles fluviais, como os encoros hidroeléctricos, que ninguén se propón derrubar, nin sequera recuperar para uso público, ou regular o emprego da auga que atesouran priorizando os usos públicos. Contribuíndo estes feitos a comprometer a preservación dos recursos hídricos dos nosos ríos e regatos,

e en consecuencia a conservación da fauna piscícola, e sen ter en conta aos habitantes do territorio que precisan dos regadíos, dos usos turísticos e de lecer e por suposto dos usos para auga de boca e industrial, nas longas estiaxes do verán que desgraciadamente son cada vez máis pronunciadas, como nos amosou este 2022. E por outra banda, a institución desenténdese ou ignora a importancia destas construcións populares, sen que a Consellería de Medio Ambiente interveña, tanto dende un punto de vista etnográfico como medioambiental, pois este ano moitos ríos como o Arnoia, se non fora pola presenza das presas teríanse convertido en pouco máis que un paso fondo, con algo de humidade, tal como acontecía nas zonas del non represadas. Os modelos de acumulación e distribución de augas constitúen unha das características básicas da sociedade rural galega: o aproveitamento máximo de todos os recursos que existen ao seu redor, e que permitiron e seguen a permitir asentar poboación no rural e tamén nas vilas. Son sistemas que xa se empregaban na idade media e aos que na idade moderna se dotou dun uso colectivo da auga ata chegar aos nosos días, no que o contexto actual de cambio climático nos esixe non minusvalorar e desprezar. Se non o contrario, debemos preservar para nós e para as xeracións futuras. Polo que o grupo provincial do BNG de Ourense propón ao pleno provincial os seguintes acordos: 1. Instar á Deputación provincial a que dende a comisión de cultura e patrimonio desta institución se realice un catálogo das presas tradicionais existentes na provincia de Ourense. 2. Instar á Deputación de Ourense á recuperación e conservación das pozas situadas en estradas provinciais e a colaboración na conservación das situadas nas vías municipais para a súa posta en valor e uso. Tanto polos seus usos humanos como pola seu importante papel como reservorio medioambiental. 3. Instar á Confederación Hidrográfica Miño-Sil a respectar o patrimonio etnográfico galego e non desmantelar estas infraestruturas de valor cultural e patrimonial, cuxa importancia se fai máis transcendental como factor de regulación e acumulación da auga cos efectos do Cambio Climático. Resultando imprescindibles canto máis frecuentes e prolongadas se fan as secas. Polo que se solicita dispoñan fondos desta institución para as labores de conservación que correspondan. 4. Instar á Xunta de Galiza a que estas infraestruturas populares sexan catalogadas en toda Galiza e declaradas “Lugares de Valor Etnográfico” e protexidas pola Xunta de Galiza en consecuencia. E dotar fondos para a súa conservación. 5. Instar á Xunta de Galiza a promover estudos e catalogar como Ben de Interese Cultural Inmaterial galego o uso e xestión das augas nos sistemas de acumulación e

distribución de auga popular. 6. Instar á Deputación de Ourense a por a disposición das comunidades de regantes e propietarios de muíños e elementos patrimoniais análogos os equipos técnicos da mesma, para acometer as propostas de reparación e mantemento destas infraestruturas para o seu uso e conservación de forma axeitada.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Toma a palabra para amosar o seu apoio á moción do grupo do BNG, xa que a considera unha moción moi interesante sobre todo no relativo á protección do noso patrimonio.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sinala que coincide ao cen por cen co texto da moción, polo que votará a favor dela.

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que esta moción non pode axudar moito a entender esta problemática. Sinala que ano 2005 púxose en marcha en España a Estratexia Nacional de Restauración de Ríos, cuxo obxectivo xeral é o de impulsar a xestión dos ríos para que acaden un bo estado ecolóxico de acordo co establecido na Directiva Marco da Auga. Hai unha Directiva marco sobre a auga, unha directiva sobre inundacións e unha estratexia sobre biodiversidade. Son mandatos europeos traspostos á nosa lexislación, que hai que cumprir. E, entre outras disposicións, mandan reconectar os ríos nas partes que se poidan reconectar. As actuacións que se están levando a cabo teñen como fin último eliminar construcións obsoletas que están estorbando e impedindo os fluxos de sedimentos, de nutrientes, de carbono, da propia diversidade do río. Trátase de minimizar os riscos de inundación, potenciar o patrimonio, fomentar o uso racional do espazo fluvial e impulsar o desenvolvemento sustentable do medio rural. O proceso é moi selectivo, as presas e construcións que se van ir eliminando deben esgotar o seu período de concesión e ademais non ser rendible a súa explotación. Sinala que cos ríos pasou algo semellante ao que pasou co tratamento de raios x. Estamos en 2022 e seguímolos usando como hai 100 anos. En Europa hai máis de 1.200.000 obstáculos, e en España hai máis de 50.000, dos cales, están obsoletos máis de 30.000. Só entre o Miño, o Sil e o Eo cos seus afluentes, suman máis de 3.000 barreiras artificiais. Desde o ano 2000, lévanse derrubado en España un total de 485 presas hidráulicas. En España, no ano 2021 derrubáronse 108 presas na totalidade das 11 demarcacións hidrográficas dependentes do Goberno Central. En toda Europa, incluída España, demoléronse 230. En Galicia Costa, dependente da Xunta de Galicia a través de Augas de Galicia, non hai prazos para ningunha demolición. Presas, rodas hidráulicas ou ramplas, a meirande parte obsoletos, interrompen a circulación natural da auga, dos

sedimentos e das especies que viven no río. Inflúen sobre os acuíferos, sobre os deltas, mesmo sobre as praias. Os peixes están condenados a vivir en compartimentos practicamente estancos, cun empobrecemento xenético das especies que alí conviven debido á consanguinidade que se dá. Estase impedindo que os ríos sexan ríos. Durante anos, o mantemento deste tipo de pequenos obstáculos considerouse positivo para a conservación das poboacións piscícolas. O motivo é que garantían un volume significativo de auga onde refuxiarse mesmo nos meses de estiaxe. Na actualidade, con todo, a balanza dos biólogos inclínase a favor do derrubamento das presas, pola barreira física que supoñen para os movementos naturais dos peixes. E tamén porque moitas están colmatadas de sedimentos, sendo a cantidade de auga que almacenan mínima. Tamén é certo que moitas presas e rodas hidráulicas seguen desempeñando funcións esenciais para a sociedade. Úsanse para a extracción de auga con fins domésticos, agrícolas ou industriais, nalgúns casos facilitan a navegación e o comercio, xeran oportunidades de pesca e de ocio e tamén poden previr a propagación de especies acuáticas invasoras. E dende logo, as presas hidroeléctricas cumpren co obxectivo de producir enerxía renovable. Así mesmo existe un gran número de rodas hidráulicas tradicionais, presas e caneiros ou pesqueiras, ligados a aproveitamentos da auga para a rega, enerxía hidráulica, muíños ou metalurxia, e que son elementos representativos do patrimonio cultural e do xeito de vida tradicional rural, que non forman parte dos elementos a eliminar. En Galicia, antes de cada actuación, a CHMS realiza consultas e peticións de informes sectoriais a Patrimonio Cultural e a Patrimonio Natural da Xunta de Galicia para coñecer se existe algunha figura de protección sobre os elementos, ou se resulta conveniente a súa preservación por interese medioambiental. Hai moitas presas e rodas hidráulicas que son un auténtico perigo debido ao seu estado de conservación, con ausencia de mantemento, de reparacións, de limpeza de áridos e entullos acumulados e mesmo por falta de vixilancia. Un dato, os custos de demolición supón 1/3 dos custos de conservación, mantemento, reparación e limpeza. Non hai que esquecer que son obras de construción levantadas con materiais de diferentes tipoloxías, que co paso dos anos envellecen e poden chegar a colapsar, ben por fatiga dos propios materiais ou por cambios xeomorfolóxicos do propio río. E ese risco potencial de rotura aumenta co paso dos anos. En urbanismo todos sabemos que o concepto de ruína se lle aplica frecuentemente a edificacións que chegaron ao final da súa vida útil e que foron construídas con materiais semellantes aos usados nas obras levantadas nos ríos. A xente e as administración temos que saber que as presas e as rodas hidráulicas tamén teñen

data de caducidade, aínda que a normativa practicamente non o contemple. A práctica totalidade das presas e rodas hidráulicas son ou eran propiedades privadas. En moitos casos o titular e descoñecido ou insolvente. As confederacións levan incoados centos de expedientes de caducidade de autorizacións e concesións. A demarcación do Cantábrico e a primeira de España na apertura de expedientes, e a Miño-Sil e a segunda. As aseguradoras non se queren facer cargo deste tipo de bens. Por certo, en caso de titular descoñecido ou insolvente, o responsable da posta fóra de servizo e a Administración Pública. Hai outro aspecto fundamental para xustificar a eliminación dos obstáculos. A reconexión dos ríos coas súas chairas de inundación. Isto axuda, entre outros efectos positivos, a paliar e disipar as avenidas, acadando que augas abaixo sexan menos perigosas e devastadoras. Todos sabemos que son as T10, T100 ou T500, e sabemos cales son as zonas de afección, e tamén sabemos, porque o sufrimos a miúdo, que cada vez son máis frecuentes os desbordamentos dos ríos. Se os ríos poden fluír con máis liberdade ao longo da súa canle, a distribución das avenidas será máis uniforme. Os cálculos feitos polas autoridades europeas estiman que os beneficios que se van obter multiplican por 8 o custo da restauración ambiental. Con respecto á repercusión social da eliminación das barreiras, en Europa, a nivel local, tamén se está dando unha situación de oposición ás demolicións de presas obsoletas ou sen uso. E a única razón sole ser a dunha compoñente afectiva que lle ten a poboación a moitas destas construcións, e que, por descoñecemento, poñen a súa pervivencia por enriba da recuperación da vida nos ríos. En Finlandia isto non está a ocorrer porque levan máis de 10 anos facendo un traballo de comunicación moi importante entre a poboación, e a xente si que está concienciada do impacto deste tipo de construción nos ríos.

- 1ª intervención César Fernández (grupo do PP): Comeza a súa intervención sinalando que no fondo parece que todos están de acordo, se ben hai que reflexionar sobre algunhas das cuestións suscitadas, sobre todo no relativo ao ámbito competencial das diferentes AAPP. Neste senso lembra que o lugar da Ponte da Quinza en Ribadavia, está practicamente colapsado na canle do río pola acumulación de sedimentos, e que o organismo de conca tería que ter actuado para evitar a situación actual. Engade que as presas tradicionais coa industrialización tardía que viviu o noso país, quedaron moi abandonados e se produce o abandono asociado da limpeza das canles que ía vinculado a estas presas. Cabe preguntarse que fai o organismo de conca financiando obras nun mosteiro, por exemplo, dado o estado actual das canles do noso país, entendendo que a CH debe centrar os seus esforzos na limpeza

das canles. Aquí subxace a responsabilidade de todos os organismos de conca nas súas respectivas demarcacións sobre a limpeza das canles e regatos de Galicia e da nosa provincia, xa que hoxe na maior parte do territorio as canles están intransitables xa que non existe a limpeza tradicional que existía hai uns anos.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Apunta que esta moción pretende amosar que as presas tradicionais non son un problema para a biodiversidade, os problemas veñen sendo outros, e que os que impiden que os ríos sexan ríos son os encoros hidroeléctricos polo seu carácter obstrutivo. Engade que por exemplo no concello de Allariz senón existise a presa de Acearrica, non terían auga no verán. O problema real é que o organismo de conca non realiza a limpeza de canles, e nos treitos urbanos pretenden que sexan os concellos os que asuman eses traballos.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sinala que entende a moción en termos que xa incorporan os matices que fixo o voceiro socialista, e que se poden tirar as presas que non tiñan ningún valor ou función. Noutros tempos a veciñanza se ocupaba de manter as canles limpas e o problema actual é que non se realiza esa función polo organismo competente.

- 2ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que o que se derruba na actualidade son presas obsoletas e por aí non debe haber ningún tipo de problema. As presas e este tipo de elementos teñen propietarios e existe un problema de conservación e mantemento que non debemos obviar. Por último procede a facer un breve repaso sobre o premio Dam Removal Europe e sobre algunhas das accións que foron premiadas neste, indicando que nos queda moito por aprender e moito sobre o que concienciarnos. Remata indicando que o seu grupo se vai abster na votación desta iniciativa política.

- 2ª intervención César Fernández (grupo do PP): Sinala que os grupos políticos desta corporación, todos, debemos estar de acordo sobre a quen compete a limpeza das diferentes canles, e que nalgún intre o teremos que abordar.

- quenda de peche de Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que a CH é un organismo de conca que ten estado dirixido por responsables do PP e do PS de G-PSOE, polo que ambas formacións políticas teñen moito que dicir neste asunto. As presas tradicionais non deben ser un problema, senón a súa necesidade tanto por causas hídricas como por causas de biodiversidade.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (8), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar á Deputación Provincial a que dende a comisión de cultura e patrimonio desta institución se realice un catálogo das presas tradicionais existentes na provincia de Ourense.

2º.- Instar á Deputación de Ourense á recuperación e conservación das pozas situadas en estradas provinciais e a colaboración na conservación das situadas nas vías municipais para a súa posta en valor e uso. Tanto polos seus usos humanos como polo seu importante papel como reservorio medioambiental.

3º.- Instar á Confederación Hidrográfica Miño-Sil a respectar o patrimonio etnográfico galego e non desmantelar estas infraestruturas de valor cultural e patrimonial, cuxa importancia se fai máis transcendental como factor de regulación e acumulación da auga cos efectos do cambio climático. Resultando imprescindibles canto máis frecuentes e prolongadas se fan as secas. Polo que se solicita que dispoñan fondos desta institución para os labores de conservación que correspondan.

4º.- Instar á Xunta de Galiza a que estas infraestruturas popular sexan catalogadas en toda Galiza e declaradas “Lugares de Valor Etnográfico” e protexidas pola Xunta de Galiza en consecuencia, e dotar fondos para a súa conservación.

5º.- Instar á Xunta de Galiza a promover estudos e catalogar como Ben de Interese Cultural Inmaterial galego o uso e xestión das augas nos sistemas de acumulación e distribución de auga popular.

6º.- Instar á Deputación de Ourense a pór a disposición das comunidades de regantes e propietarios de muíños e elementos patrimoniais análogos os equipos técnicos desta, para acometer as propostas de reparación e mantemento destas infraestruturas para o seu uso e conservación de forma axeitada.

9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A SOLICITUDE DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA PARA XOSÉ CID MENOR “ARTISTIÑA DA RABEDA”.

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción. A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Intervén para dar lectura á moción do grupo socialista na que se indica que “*O primeiro escultor que coñecín foi Rodin*”, apunta Xosé Cid Menor (4 agosto de 1946 en Santa Cruz da Rabeda – San Cibrao das Viñas). Evocando a aquel neno espigado de Val dá Rabeda que para acudir á clase, en Castroverde, “tiña que cruzar todo o monte para chegar á escola”. Non había luz eléctrica, os camiños eran entelequia e o xornal non se divisaba no horizonte, pero el, que non paraba de facer garabatos, un día coñeceu a Rodin nunha librería, mentres esperaba polo seu caderno de debuxo. En tapas, brandas, minúsculo, dedicado ao francés. O mesmo a quen con 11 anos os seus pais decidiron que era xa hora de aprender un oficio. E como rabiaba por debuxar, pensaron que o máis próximo sería tallista, un oficio común en moitos escultores, que sen máis afinidade que a do oficio de fondo e a de perfilar habilidades, era acertado para amarrar sustento. Artista autodidacta, formou parte “dos artistifñas”, o grupo de creadores ourensáns bautizados con ese nome por Vicente Risco a comezo dos anos 70, e do colectivo “O Volter”. Influído pola produción de Manuel Buciños, pronto comezaría expor en diversas cidades galegas e a investigar con diversos materiais como o granito ou a madeira, aínda que tamén traballa con barro, terracota e bronce. As súas son esculturas de carácter conservador e amable e as súas obras inspíranse na figura humana, sendo de vulto redondo, potenciando a masa, a verticalidade e a solidez. Os comezos foron difíciles para o escultor que entre constantes dificultades esforzouse en facer valer a súa verdadeira vocación, o que lle obrigou a reorganizar o mapa da súa vida. Esta decisión coincide cos cambios que comezaran a darse uns anos antes na arte galega e nos que unha nova xeración de artistas ourensáns sería decisiva para cimentar as súas bases. Xosé Cid vaise incorporando paulatinamente, pero sen chegar a asumir o sentimento de grupo tan arraigado que tiñan outros (os artistifñas). Con todo, aínda que cada un compórtase de diferente maneira, todos coinciden en traballar para poñer fin ao anquilosamento que sufría a nosa arte. O contacto con esta xeración serviulle para desprenderse do marcado acento popular que tiña as súas primeiras obras, nas que se mostra fascinado polas

xentes e os materiais da contorna aos que plasma con sinxeleza e con mimo artesanal, pero sen concesións ao detalle da retransca, a inxenuidade ou a resignación, trazos que definen aos personaxes da serie Home e Mulleres dá Rabeda. A medida que se penetra na escultura, dáse conta que esta vai por outros camiños polo que comeza de maneira sistemática e autodidacta a procura dunha linguaxe moderna. Nos primeiros anos desta procura coexisten na súa obra o tradicional, moi ligado a evocacións barrocas, e o novo. Nos anos oitenta o mercado da arte autóctono dinamízase e as institucións implícanse máis con promocións e encargos. Neste momento o escultor xa ten un estilo definido que se resumise nun só trazo sería: a curva. A curva de trazado sinuoso, de formas suxestivas ou rotundas; a curva de suaves redondeces ou a curva de grandes volumes; a curva que na exclusiva temática da figura humana acantona á recta a algún trazo do rostro ou algún elemento accesorio. É tamén por estes anos cando comeza a traballar con asiduidade en encargos públicos sobre todo no apartado da escultura urbana. Son obras nas que o artista mostra a preferencia pola pedra, polo gran tamaño e os amplos volumes e nas que a dinámica das formas faise máis lenta polo cambio de escala. A medida que pasa o tempo estes trazos suavízanse sen perder identidade xa que manteñen a forza expresiva e as formas cóncavas que subliñan os panos que definen a linguaxe corporal da escultura. O tamaño redúcese e aparecen características froito do seu proceso de buscar a innovación. Se hoxe consideramos que a súa última exposición Materia Infinita marca un gran fito na súa carreira, o mesmo acaeceu en 1989 coa exposición da recentemente inaugurada sala de Caixa Ourense, na que mostraba unha síntese precisa de todo o aprendido ao longo de máis de dúas décadas. Nela o seu esforzo xa se materializou na aplicación dunha nova linguaxe e dunha nova creatividade máis aberta a toda representación, ben sexa figurativa ou máis abstracta, conseguindo unha versatilidade plástica tal como queda recollido no catálogo de obras presentadas. Materia Infinita cronoloxicamente ocupa a década de 2007 a 2017. Neste tempo Xosé Cid pasa máis tempo na soidade do seu taller da Rabeda, alí, cunha posición artística xa consolidada e unha firme confianza nas súas posibilidades creativas, indaga e explora no seu empeño en responder ás novas esixencias que se están dando. O resultado como vemos hoxe é o abandono dos grandes volumes que tanto definiron o seu estilo xunto coa curva. Esta, sempre aliada do artista, mantense pero retardando o ímpeto doutras etapas. Agora, moldea e suaviza as formas auxiliada polo sutil pulido dos materiais, mármore e madeira, que crean superficies brillantes nas que a luz

acentúa a audaz configuración plástica dalgunhas pezas. Noutras, o capricho do artista rompe esas superficies brillantes da obra con pequenos toques sen puír que obrigan ao espectador para deter a mirada ou ao escultor a man cando acariña a obra terminada. A figura feminina, moi presente sempre na súa obra, aquí logra maior elegancia xestual, vólvese máis lixeira e en ocasións inestable o que contribúe a darlle unha especial sedución á vez que esixe tamén unha maior reflexión na execución. A maneira de captar estes trazos mostra unha modernidade que non fora alcanzada polo escultor ata o de agora. Nesta exposición na que Xosé Cid mostra a esencia da súa obra da última década, non só alcanza unha cima máis na súa dilatada carreira artística, senón que abre o camiño a unha nova etapa de cambios significativos na que a abstracción será unha tendencia á que el dedicará gran parte das súas indagacións. A obra de Cid pódese contemplar en espazos públicos como o Parque Escultórico da Torre de Hércules (A Coruña), o Pazo de Vilar Arin, a Praza de Paz Nóvoa, a Igrexa de Santa Eufemia, o Colexio Público de Melón ou a fachada da casa reitoral de Soutopendo, todos eles na provincia de Ourense e tamén no Instituto de Carboquímica de CSIC de Zaragoza. A carreira deste autor foi premiada co Primer Premio Maestro Mateo e coa terceira medalla da Trienal de Santiago de Compostela entre outros grandes recoñecementos. Estas son as súas obras públicas: Monumento ao Afiador en Santiago de Compostela, 1974; Escultura en pedra na Facultade de las Ciencias Económicas e Empresariais da USC, 1980; Monumento a San Rosendo en Entrimo, 1981; Santa Eufemia na fachada da igrexa homónima de Ourense, 1985; Monumento a San Rosendo, Ourense, 1985; Escultura na praza Paz Nóvoa, Ourense, 1986; Monumento a Concepción Arenal en Ferrol, 1987; Monumento á Mocidade no colexio Casas do Vento na Coruña, 1987; Grupo escultórico no colexio de Melón, 1988; Monumento a San Mamede en Montederramo, Ourense, 1989; Grupo escultórico no Polígono das Lagoas, Ourense, 1990; Monumento ao cura e poeta Ramón María en Soutopenedo, 1991; Tres esculturas en pedra no Instituto Nacional de Educación Física de Oleiros, 1992; Monumento á familia en Taboadela, 1994; Monumento a Breogán preto da Torre de Hércules na Coruña, 1995; "Sicut Inquirentes in Carbonem" no Instituto de Carboquímica do CSIC, Zaragoza, 1995; "Home dá Rabeda" no Parque Miño, Ourense, 1996; Camiñantes na avenida de Santiago, Ourense, 1997; Monumento ao emigrante en Beariz, 1997; Monumento ao afiador, Ourense, 1998; Monumento á castañeira, Ourense, 2001; Guerreiro Gardián no Pazo de Vilamarín, Ourense, 2002; Monumento ao Cabalo, Centro Ecuestre de Antela, Ourense,

2005; Monumento a Eduardo Branco Amor en Ourense, 2007; "Nimbos de Luz", homenaxe a Xosé María Díaz Castro na Ínsua dos Poetas en Madarnás, O Carballiño; Homenaxe a Miguel Ángel Blanco, A Merca 2022. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte proposta de acordo: Instar ao pleno desta Deputación a iniciar o procedemento descrito no regulamento de Honras e Distincións para outorgar a Xosé Cid Menor a Medalla de Ouro da provincia.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Manifesta que non ten nada que engadir a esta moción e que a vai apoiar por ser un merecidísimo recoñecemento.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Dende o BNG sinalan que tamén van a apoiar esta moción.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Indica o voto favorable do seu grupo.

- 1ª intervención Ana Patricia Torres (grupo do PP): Polos méritos que acredita sinala que tamén votarán a favor desta moción.

- 2ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Agradece o voto favorable de todos os grupos a esta iniciativa política do grupo socialista.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción e por unanimidade dos presentes (incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez) o Pleno adopta o seguinte acordo:

Instar ao Pleno da Deputación Provincia a iniciar o procedemento descrito no Regulamento de Honras e Distincións para outorgarlle a Xosé Cid Menor a medalla de ouro da provincia.

10º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

11º.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA.-

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de xuño de 2022.

Os membros da Corporación quedan informados.

12º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

- Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre a estrada de San Agostiño sinalando que despois dun ano de retraso, actualmente estanse a executar as obras da estrada de San Agostiño, no concello de Viana do Bolo. ¿Cal e a data oficial actualizada prevista de finalización das mesmas? ¿Rematarán no prazo marcado na prórroga que se lle concedeu á adxudicataria? ¿De non ser así, cal é a previsión de remate delas? ¿Quedará algunha actuación pendente para o ano 2023?. De ser así, ¿que actuacións, e cando se executarían?

A Presidencia responde dando lectura ao informe realizado pola directora da Área de Infraestruturas da Deputación no que se sinala que vista a solicitude de información relativa ao expediente do asunto, formulada por don Aurentino Alonso Araújo, deputado do Grupo Socialista da Deputación, no exercicio do seu dereito a obter do Sr. presidente cantos antecedentes, datos ou informacións obren no poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función, informo o seguinte: *PRIMEIRO: ¿Cal é a data oficial actualizada prevista de finalización das mesmas?. O 8/10/2021 asinouse a acta de comprobación do planeamento previo, dando comezo á execución das obras. Polas súas características (tratamentos superficiais maioritariamente) e tendo en conta que factores como unha temperatura mínima de 10º e a inexistencia de precipitacións eran limitantes para a execución, con data 18/11/2021 foi asinada un acta de paralización.*

O 13/04/2022, finalizadas as circunstancias que motivaran a paralización, asinouse a acta de reinicio. A data de terminación oficial das obras é o 24/10/2022. SEGUNDO: ¿Rematarán no prazo marcado na prórroga que se lle concedeu á adxudicataria? O prazo da obra non foi prorrogado. Tal e como se informa no apartado PRIMEIRO a obra estivo suspendida entre o 18/11/2021 e o 13/04/2022. TERCEIRO: ¿De non ser así, cal e a previsión de remate das mesmas? Na data actual a finalización oficial está marcada no día 24/10/2022. CUARTO: ¿Quedará algunha actuación pendente para o ano 2023?. De ser así, ¿que actuacións, e cando se executarían? Na data actual a finalización oficial está marcada no día 24/10/2022.

- Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta, sobre que no pasado mes de marzo reuniuse o presidente coa alcaldesa da Pobra de Trives e co presidente do Club Deportivo Trives, comprometéndose a iniciar en setembro as obras de mellora

do campo de fútbol municipal “O Agro” en Trives segundo o proxecto rexistrado nesta Deputación con data 12 de abril de 2022. Ante a demora de sinatura do convenio desta necesaria infraestrutura con data 26 de agosto de 2022 a alcaldesa solicitou por escrito a habilitación orzamentaria para ese proxecto e tamén data e hora para a sinatura do citado convenio, sen resposta pola súa parte. ¿Cal é a situación deste compromiso adquirido pola presidencia desta Deputación para a realización do proxecto de mellora do campo de fútbol da Pobra de Trives? Neste mesmo escrito de agosto indicábase tamén o incumprimento adquirido por vostede no pasado ano 2021 para subvencionar esta Deputación Provincial de Ourense proxectos de aforro enerxético en varios pobos do concello da Pobra de Trives, tamén aínda a data de hoxe sen cumprir. ¿Cando vai cumprir con estes compromisos adquiridos co concello da Pobra de Trives para poder levar a cabo estes proxectos necesarios para o concello?

A Presidencia responde que o compromiso está en marcha pola parte que lle corresponde á Deputación. Na modificación 6/2022 que acabamos de aprobar neste pleno, para promoción e fomento do deporte - Xunta de Galicia, concretamente na partida 341.11/75000 dotáronse 580.000,00 €. Hai outras dúas administracións implicadas, Concello e Xunta. Falta o convenio da Xunta de Galicia e Concello con achega de 1/3 do orzamento por parte de cada administración.

- Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre que o 19 de febreiro de 2019, D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación e D. Manuel Cabas Lopéz, alcalde de Xinzo, asinaron en presenza do secretario desta Deputación D. Francisco Cacharro Gosende, o Convenio de Cesión do Museo Galego do Entroido, que fora ratificado por ambos plenarios da Deputación e do Concello de Xinzo de Limia.

“A Deputación asúmeo como competencia supramunicipal....ao ser o seu obxecto a conservación e a difusión do patrimonio cultural vinculado ao Entroido de Ourense.....a Deputación provincial xestionará o servizo mediante calquera dos modos que prevé a lexislación de réxime local”. Dende aquela data, consta que foron redactados os pregos de cláusulas administrativas para a xestión do devandito MUGAE por empresa externa, de tal forma que a adxudicataria debería facer un Plan de Museográfico e Museístico do Museo para poder integralo na rede de Museos de Galicia. Xa van tres procesos de adxudicación e unha prórroga para servizo de portería (vigilancia, mantemento y limpeza) del *Museo Galego do Entroido*. Este servizo non é a forma eficaz e eficiente de xestionar un Museo destas

características. ¿Cando ten pensado sacar a concurso público a xestión do MUGAE, na que se contemple a redacción dos Plans necesarios para que poda ser inscrito na Rede de Museos da Xunta de Galicia? ¿A canto ascende a partida orzamentaria para esa xestión por empresa especializada en recursos turísticos, culturais e xestión de Museos ?

A Presidencia responde que xa se atopa en fase de licitación. O anuncio de licitación foi publicado na plataforma o 25/08/2022. A data límite de presentación de ofertas foi o 12/09/2022. Presentáronse 2 ofertas: Amphilocos S.C. e As Curuxas S.C. O sobre n.º1 de documentación administrativa abriuse o 13/09/2022. O sobre n.º 2 de criterios dependentes de xuízo de valor abriuse 14/09/2022. Emitiuse o informe correspondente por parte do Asesor de Cultura. Na vindeira semana abrirase o sobre n.º 3 da oferta económica. Está previsto que o proceso estea resolto na segunda semana de outubro. A partida orzamentaria ten un importe de 28.925,62 € impostos non incluídos (total 35.000,00 €).

- Susana Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta en relación ao convenio coa Consellería de Medio Rural para a adquisición de tractores-rozadoras para varios concellos da provincia, ¿Para cando está previsto asinar este convenio? ¿En que data se entregarán aos concellos beneficiarios os tractores?

A Presidencia contesta que dende a Deputación estamos á espera de recibir o convenio por parte da Consellería de Medio Rural . Acabamos de dotar neste pleno a partida nos orzamentos por importe de 864.463,75 € para facerlle fronte a este compromiso de adquisición de tractores rozadoras. A maior brevidade posible, dependendo da data de sinatura do convenio e o correspondente procedemento de contratación dos vehículos.

- Susana Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta logo do anuncio da creación dunha Oficina Provincial para implantación da Axenda 2030 (“OFICINA OU-DS 2030”), que estará dirixida polo deputado provincial e tamén recentemente nomeado secretario xeral do PP da cidade de Ourense, onde se indica que “intentará asesorar” a un mínimo de 20 concellos ourensáns. ¿Cales serán os criterios para escoller aos concellos “seleccionados”? ¿Cal será o custo desta nova oficina de asesoramento? ¿Poderán ter acceso a este servizo todos os concellos da provincia?

A Presidencia contesta que este proxecto aspira ao financiamento da Secretaría de Estado da AXENDA 2030 do Ministerio de Dereitos e Axenda 2030, segundo resolución do 3 de agosto e publicada no BOE do 25 de agosto de 2022. Un dos obxectivos desde proxecto é chegar como mínimo a 20 concellos da provincia, polo que no caso de ser financiado, terán

prioridade aqueles concellos que xa teñan iniciado traballos para implementar a Axenda 2030 e os ODS no seu Concello, podendo ter acceso a este servizo todos os concellos da provincia. No caso de ser financiada, non suporá ningún custo para a Deputación Provincial de Ourense, contando cun orzamento de 400.000,00 € durante un período de doce meses. Por suposto que si. Non podería ser doutro xeito.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta se está prevista algunha mellora na estrada OU-0701 de Vilariño de Conso a Pobra de Trives, ao seu paso por Viana?

A Presidencia dá lectura ao informe da directora da Área de Infraestruturas da Deputación no que sinala o seguinte: Vista a solicitude de información formulada por don Bernardo Varela López, voceiro do Grupo Provincial do BNG da Deputación, no exercicio do seu dereito a obter do Sr. presidente cantos antecedentes, datos ou informacións obren no poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función, informo o seguinte: A estrada *OU-0701 Cabalar (OU-636) - Vilariño de Conso* é unha vía provincial de 30,25 quilómetros de lonxitude, convencional e local. Entre os puntos quilométricos 19+100 e 25+900 discorre polo termo municipal de Viana. A IMD da estrada no treito é de 109 vehículos e, consultada a aplicación Arena II da Dirección xeral de Tráfico, só se produciu un accidente nese treito nos derradeiros cinco anos cuxo factor concorrente foi o atropelo dun animal solto na calzada. Non existe ningunha obra de rehabilitación extraordinaria (ensanche e mellora) contratada nin con investimento asignado no ano 2022 na estrada *OU-0701 Cabalar (OU-636) - Vilariño de Conso* no termo municipal de Viana. En todo caso, as brigadas da sección de conservación e explotación están a realizar nese treito de case 7 km da OU-0701, e nos restantes 1.845 km de rede viaria provincial, as operacións de conservación ordinaria e de mantemento de vialidade necesarias para facilitar, ou no seu caso facer posible, a circulación dos vehículos na infraestrutura existente en condicións adecuadas de seguridade e fluidez. O que se informa para os efectos oportunos.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta se está prevista e para cando a actuación no viario OU-0108? Está previsto dentro desta actuación a construción dun paso de peóns altura de Vilaboa?

A Presidencia dá lectura ao informe da directora da Área de Infraestruturas da Deputación no que sinala o seguinte: Vista a solicitude de información formulada por don Bernardo Varela López, voceiro do Grupo Provincial do BNG da Deputación, no exercicio do seu dereito a obter do Sr. presidente cantos antecedentes, datos ou informacións obren no poder dos

servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función, informo o seguinte: A estrada *OU-0108 Allariz (N-525) - Maceda (OU-104)* é unha vía provincial de 18,070 quilómetros de lonxitude, convencional e local. Entre os puntos quilométricos 0+000 e 4+450 discorre polo termo municipal de Allariz, atravesando no pq 0+300 a poboación de Vilaboa. A IMD da estrada no treito é de 483 vehículos e, consultada a aplicación Arena II da Dirección xeral de Tráfico, só se produciu un accidente nese treito nos derradeiros cinco anos cuxo factor concorrente foi unha manobra invasiva incorrecta do condutor. Existe unha obra de reforzo de firme con mestura asfáltica prevista no plan complementario da rede viaria 2022 na OU-0108 entre os puntos quilométricos 0+300 e 0+800, que na actualidade non conta con investimento asignado. Non está recollido no proxecto o pintado dun paso de peóns. De resultar necesario un paso de peóns con prioridade de paso, e sempre que a súa implantación respecte os requisitos técnicos estipulados no apartado 7.10.2 da norma 8.1 IC de sinalización vertical, podería colocarse. O que se informa para os efectos oportunos.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Formula o rogo de que por parte do organismo correspondente se teña presente que finaliza neste ano o contrato para a xestión de MEISA, polo que se faga a licitación da xestión en tempo e forma.

A Presidencia toma nota do rogo formulado.

- Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta ao respecto dunha modificación orzamentaria cunha partida para concellos que asumiron gastos de acollida de refuxiados procedentes de Ucraína, polo que pregunta se se vai facer unha liña de axudas ou colaboración con estes concellos.

A Presidencia indica que a pregunta formulada será respondida por escrito.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

PEGADA DIXITAL VÍDEO

Url -

<http://depourense.seneca.tv/s/9yYGXIZRb8wGhmkMXqoo0SbGRmutBfDg0PhDbkOOTV25t8mp.wmv>

SHA512 -

884c9b8433cb1d1cc96c895e6462935d4f70b39f5032b34c16a338fd0189e6cfa9061b73aada9e12a1ea1e08481809755b126f371dea06a466c47606c55bfcd0

E, ás 14.42 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.